

## A CHMS saca a información pública o proxecto de saneamento de Sarria

A CHMS somete a información pública o Proxecto de construción e actuacións de mellora do saneamento e da EDAR de Sarria. O plan de traballo consiste na substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria dende a rúa Calvo Sotelo ata a rúa Greco e un tramo do colector xeral dende esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 metros de colector. Na EDAR instalaranse novos equipos e actualizaranse os existentes para mellorar o seu funcionamento. **Pax. 3**

## Xela, protagonista das Letras

A autora sarriá protagoniza este ano a festividade da literatura galega cunha intensa actividade cultural tendo a vila de Sarria como eixo principal



Este ano, as Letras Galegas están adicadas á poetisa sarriá Xela Arias, autora dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida, que será celebrada ao longo deste mes durante o cal a RAG lembrará ademais o seu labor como editora e tradutora, que verteu milleiros de páxinas de clásicos universais ao galego. Haberá un sinfín de homenaxes e actividades á escritora como exposicións itinerantes, documentais, concertos, concursos. Ademais, a vila que a viu nacer loce un mural na súa homenaxe e mudou o nome dunha rúa e da escola infantil.

sarria. O Concello adaptará os seus pasos de peóns ás persoas con autismo. **Pax. 5**

láncara. O corte da LU-621 a Valdriz durará catro meses polas obras. **Pax. 14**

O incio. A igrexa de Santa Cruz xa foi declarada Ben de Interese Cultural. **Pax. 16**

triacastela. Destinan 15.000 euros a axudas para afectados da covid. **Pax. 17**

paradela. Apelan á limpeza de fincas para previr incendios. **Pax. 18**

samos. Aprobado un orzamento de preto de 1,2 millóns de euros. **Pax. 19**

páramo. Avanzan na rehabilitación do antigo consistorio. **Pax. 20**

## Entrevista: Malditos roedores



Olalla, Noelia, Nerea e Borja forman a banda. **Pax. 4**

## O Esmorga Fest volve o 24 de xullo



O festival de música contará con aforo reducido. **Pax. 5**

## Eres sombra, a novela lancaresa



Rocío López fala do seu libro e a súa traxectoria. **Pax. 19**

## Abre o prazo para pedir os bonos Impulso da Deputación

Xa está aberto o prazo para adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da

provincia. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalaría e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. **Pax. 21**



# Neumáticos Sarria



## VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS

Especialistas en neumáticos de agricultura  
Asistencia a profesionales en el lugar de la avería

**MICHELIN****BFGoodrich****TAURUS****Kleber**

Avda. Becerreá, s/n. 27600 - SARRIA (Lugo)

Tel. / Fax: 982 532 515 - Móvil: 636 498 995 - neumaticossarria@hotmail.com

# SARRIA

## Novo aparcadoiro público no Pedregal



Zona onde se prevé o aparcadoiro no Pedregal

O centro de Sarria contará cun aparcadoiro público ao aire libre co fin de facilitar a mobilidade dos cidadáns. Atoparase en O Pedregal, entre a Rúa Vázquez Saco (por onde estará a entrada e a saída) e a Praza da Vila nuns terreos que serán acondicionados e nos que xa se está a elaborar un proxecto que, según o concelleiro Félix Seijas, determinará o número de prazas dispoñibles. Así mesmo, para levar a cabo dito proxecto será necesario nivelar o terreo, retirar unhas placas colocadas tempo atrás, alquitrinar, pintar as prazas e sinalizar. Xunto a este novo aparcadoiro, encóntranse dous máis: o do Campo

do Río e o da Praza da Alvareda, que se atopa próximo ao centro médico e, aínda que existen outras zonas acondicionadas a este tipo de servizos coma a explanada de O Chanto, esta é empregada polos usuarios das instalacións deportivas e non contan co mesmo uso cas anteriores.

Félix Seijas defendeu tamén a necesidade deste servizo que se adapta á perfección a eses terreos ademais de ser unha boa forma de que as rúas queden desconxestionadas e que as persoas con mobilidade reducida teñan unha maior facilidade para achegarse ao centro do pobo.

## José Quiñoá foi reelegido como presidente da asociación cultural sarriana La Unión



José Quiñoá

A sociedade cultural e recreativa La Unión, atopada en Sarria, reelegiu a José Quiñoá como presidente xunto co resto de membros do equipo directivo tras unha asemblea de socios na que non se presentou ningunha outra candidatura. Nesta mesma asemblea, falouse sobre este ano pasado que estivo condicionado polo covid19 e no que non se puideron realizar moitos dos actos e das actividades previstas.

Así mesmo, presentouse o balance das contas do ano pasado, que sumou un superávit de 20.000 euros.

Desta forma, Quiñoá repite cargo, para catro anos máis, na asociación que comezou a presidir en 2008. Grazas a isto, tamén se comezaron a tratar as actividades programadas para este ano que dependerán da evolución da pandemia e das medidas sanitarias que se vaian a tomar.

## A CHMS saca a información pública o proxecto de saneamento

A CHMS, Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, somete a información pública (IP) o Proxecto de construción de actuacións de mellora do saneamento e da EDAR de Sarria (Lugo), actuación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020.

O período de información pública, 20 días hábiles, irá do 22/04/2021 ao 20/05/2021 (ambos inclusive), tal e como publican o BOP de Lugo do mércores, 21 de abril, e o BOE do luns, 19 de abril de 2021.

**O PROXECTO.** A actuación consiste na substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria dende a rúa Calvo Sotelo ata a rúa Greco e un tramo do colector xeral dende esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 metros de colector. Na EDAR instaláranse novos equipos e actualizáranse os existentes para mellorar o seu funcionamento.

**TALA DE ÁRBORES.** A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) iniciou a tala de árbores secas “con risco de caída” no paseo do Malecón de Sarria. Desde o organismo de conca, que leva a cabo estes traballos a petición do propio Concello, aseguran que a actuación se limita a aqueles exemplares que están enfer-



Arriba, un plano de Sarria e, abaixo, a zona da Ribeira

mos ou que supoñen un perigo, tanto pola súa inclinación como porque teñen á vista as raíces por mor da erosión da auga.

Sexa como sexa, a tala das árbores está a xerar un intenso debate nas redes sociais, onde se enfrontan as opinións de persoas que entenden e xustifican os motivos dos traballos con outras que aprecian un ataque ambiental innecesario.

Os traballos da CHMS comezaban este luns na illa do Toleiro, o mesmo lugar no que en 2014 se rexistraba unha intensa pro-

testa cidadá, con encadeamento ás árbores incluído, para evitar a eliminación dos exemplares que se prevía levar a cabo ao abeiro do plan de encauzamento.

Desde o Concello de Sarria, que ten a competencia en conservación do dominio público hidráulico e que para a actual tala solicitou a colaboración da CHMS, insisten en xustificar a necesidade desta actuación. Din que xa estaba prevista desde fai tempo e que, onde sexa preciso, se fará unha repoboación con exemplares propios de ribeira.

## Sarria continúa co proxecto de rexenerar as pistas municipais

O Concello de Sarria constituíu unha brigada municipal de rebacheo con seis operarios e dous maquinistas que serán dirixidos polo encargado de medio rural, e que empregarán a maquinaria necesaria de propiedade municipal. O obxectivo é solucionar a deterioración das pistas de titularidade municipal mentras non se logra a

través dos 4 proxectos que se impulsaron de rexeneración e reparación mediante aglomerado quente.

As pistas que se amañaron foron de Mendros, Santa María de Vilar, Mazadoiro, campo de fútbol – Aceas- Farbán, Reña, Betote – Treilán, Céltigos.

Desta forma, tamén se están a rexenerar mediante regas

asfálticas de imprimación e limpeza e arranxo de cunetas as de Granxa Barreiros – Ortoá – límite Paradela- Goyán; Vila-sante – Polvoeiro; Farbán; Mazadoiro; Santalla . Arxemil; San Andrés; Cima de Vila; Mundín – Lier; entre outras, en espera a que a rexeneración se poida realizar mediante aglomerado quente.

# A Escola Infantil pasa a denominarse Xela Arias

Xela Arias, a poetisa, tradutora e profesora á que se lle adica este ano o Día das Letras Galegas, será o novo nome que reciba a Escola de Educación Infantil de Sarria tras a aprobación do cambio de nome do centro por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Tras os trámites comezados en xaneiro por parte do Consello Escolar, a Administración autonómica publicou a resolución no DOG (Diario Oficial de Galicia) para por en vigor o novo nome. A noticia foi acollida con alegría ante a rapidez do proceso. Así mesmo, a solicitude do cambio de denominación realizouse debido ao exemplo de solidariedade da propia Xela Arias. Tamén se definiu como “unha persoa socialmente comprometida” e “precursora do feminismo na literatura galega nos 90”. Ademais,



Vista da Escola infantil

destacáronse dela outras cualidades “activa, curiosa e polifacética” e púxose en valor o seu labor a favor da lingua e a cultura galegas, “contribuíndo coa súa obra vangardista á renovación da poesía”.

A autora convertiuse no “eixe central” das actividades deste curso

da escola na que se preparará un xardín de Xela Arias ou se realizarán debuxos sobre escritoras, entre outras. Nesta segunda, os nenos partirán dun conto da propia Xela no que se fai alusión aos diferentes autores que visitaban a súa casa cando era pequena.

## O cemiterio de Sarria pechará os domingos e terá horario partido

O cemiterio de Sarria conta cun novo horario para os domingos e festivos, así, a partir de agora o camposanto abrirá de luns a sábado de 9.00 a 13.00 horas e de 15.00 a 18.00 horas en inverno e de 16.00 a 19.00 horas no verán.

As datas sinaladas como o día 31 de outubro e o 1 de novembro, o cemiterio estará aberto ininterrumpidamente de 9 a 18.00 horas.

Pero os domingos e os festivos permanecerá pechado por decisión do Goberno local.

## A Asociación de Amigos do Camiño de Santiago amplía o seu horario

A Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, na comarca de Sarria, amplía o seu horario de atención a peregrinos ata o mes de outubro, xa que se espera unha maior afluencia nesta tempada. Por esta razón, as instalacións estarán abertas de luns a domingo de 11.00 a 16.30 horas.

Según a propia asociación, nestas datas están recibindo en torno a media docena de camiñantes por día, a maioría, residentes da comunidade.

## O Servizo de Atención Temperá recibe algo máis de 51.000 euros



A comarca de Sarria puxo en marcha un centro de Atención Temperá que atenderá aos sete concellos que a forman: O Incio, Lánchara, O Páramo, Samos, Paradelá, Triacastela e a propia Sarria onde estará situado. Para levar a cabo esta obra, a Xunta concedeu unha subvención de algo máis de 51.000 euros.

O centro, que deberá contar cun psicólogo coordinador, un maestro psicomotricista, un pedagogo e un logopeda, dirixirá os seus servizos a nenos e nenas que teñan unha idade comprendida entre os 0 e os 6 anos, que estean censados na comarca e que presenten trastornos no seu desenvolvemento ou que se encontren en risco de padecerlos, mediante as intervencións necesarias e individuais en cada caso.

Veranse beneficiados por este servizo as familias e o entorno de calquera dos municipios referidos anteriormente, co fin de apoiar e fomentar un mellor desenvolvemento infantil.

O concelleiro de servizos sociais de Sarria, Benjamín Escontrela, explicou a importancia do servizo para as familias dos Concellos, xa que supón unha considerable mellora no desenvolvemento dos máis novos dos municipios e das súas familias, e con unha atención máis próxima, directa e personalizada que en outros servizos máis masificados.

Escontrela destacou a implicación de todos os concellos para levar a cabo esta idea que surxiu no 2019 antes do inicio da pandemia. Polo momento descoñécese onde se ubicará dito centro.

## Iniciada unha campaña de concienciación da recollida de excrementos

O Concello de Sarria iniciou unha campaña dirixida aos propietarios de cans na procura de que se recollan os excrementos das rúas e xardíns.

A campaña irá acompañada primeiro da concienciación e despois da esixencia no cumprimento da vixente Ordenanza de Limpeza e Protección Mediambiental do Concello, que considera infracción grave non proceder á limpeza de dexeccións de cans e outros animais, que poderá ser sancionada con multa de 200 euros e infracción leve non levar bolsas ou recolledor para a recollida das dexeccións dos cans, que poderá ser sancionada con 100 euros de multa.

“Os excrementos caninos constitúen un grave problema de saúde pública pois supoñen un perigo potencial de contaxio de enfermidades, sobre todo de nenas e nenos. Tamén representan un risco importante para a integridade física das persoas: ocasionan caídas e esvaramentos. E dificultan a calidade na prestación dos servizos de limpeza municipais: fan o traballo desagradable e deterioran a imaxe de Sarria. As cacas dos cans non son abono senón un veneno tóxico capaz de queimar o céspede”, explican.

Lembrámosvos tamén que na actualidade é obrigatorio que os



cans teñan implantado un chip identificativo de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Non telo pode implicar multas de 500 euros, xa que en calquera momento un axente pode comprobar se o animal conta con este dispositivo e se non é así, expedir a sanción correspondente.

Todos os veterinarios e clínicas veterinarias existentes no concello implantan o microchip nos cans e debemos ter en conta que é imprescindible que o leven para identificalos en caso de perda, extravío ou para que o seguro do fogar se faga cargo de gastos por danos, tanto materiais como personais, causados polas mascotas.

## Igualdade impulsará a mesa contra a violencia de xénero en Sarria

A Secretaría Xeral de Igualdade informou ao colectivo feminista Mulleres de Raíz de Sarria de que se porá en contacto co Concello co fin de impulsar a reunión da mesa local de coordinación contra a violencia de xénero.

Na súa comunicación, Igualdade valora “positivamente” a proposta feita polo colectivo de Sarria en canto á creación de “polo menos un servizo en Galicia” especializado na asistencia ás vítimas de delitos violentos, así como a creación de protocolos de seguridade contra as violencias sexuais en espazos de lecer.

De igual xeito, desde a Secretaría Xeral explican a Mulleres de Raíz que están a traballar para que sexa realidade “este mesmo ano” a asistencia xurídica gratuita ás vítimas

da violencia sexual, e lembraron que, de cara a intensificar as medidas de concienciación da problemática da violencia de xénero, existen programas e campañas autonómicas que están a disposición de calquera concello que o solicite.

**A POLÉMICA.** Mulleres de Raíz de Sarria denunciaba publicamente fai uns días que o Concello publicara nas súas redes sociais un vídeo para conmemorar o Día Internacional da Muller no que aparecía un encausado por violación, por uns feitos supostamente acontecidos na noite de San Xoán de 2020. Ademais de solicitar a retirada do vídeo, o colectivo chegou a pedir a dimisión ou destitución da responsable da área de Muller do Concello.

## COLECTIVOS CON VOZ

# “Sarria é un lugar no que se pode gozar da música en calquera época”

Olalla, Noelia, Nerea e Borja son Malditos Roedores, unha banda sarriana

Fai tres anos nacia en Sarria o grupo vocal Malditos Roedores. A asociación Rúa da Música era o berce desta formación que leva no seu repertorio temas desde o ‘Licor do negro café’ ata ‘Mr. Sandman’. A pandemia obrigounos a frear en canto a actuacións pero non puido facer o mesmo coa súa creatividade. En pleno confinamento, as voces da banda acompañaron aos sarrianos nos balcóns coa súa versión ‘Xa non podo co covid’, o mesmo tema co que competiron nun certame de bandas galegas en formato dixital. Olalla Losada, Noelia González, Nerea Iglesias e Borja López son Malditos Roedores. Falamos con eles da súa traxectoria e dos proxectos de futuro.

## Cando e como nace Malditos Roedores?

O grupo naceu no 2018, como proxecto común das tres voces do grupo, Noelia González, Nerea Iglesias e Olalla Losada. Xa nos coñeciamos de antes e tiñamos moitas ganas de crear un grupo onde as voces tiveran todo o protagonismo. Parecíanos moi interesante pero tamén algo innovador, xa que na nosa zona este tipo de formacións son escasas. Desde o principio a forma de funcionar do grupo foi elixir os temas que nos gustaban e nos apetecía interpretar e facer o arranxo para adaptalo ás tres voces. Ao pouco tempo únese Diana Abad no baixo e no contrabaixo, pero no 2020 deixa o grupo e é cando se une Borja López coa guitarra.

## Que estilo define ao grupo?

No noso repertorio contamos con temas dende ‘Licor do negro café’ ata ‘Mr. Sandman’, polo que nos movemos entre xéneros moi amplos: dende a música negra de Stevie Wonder e Amy Winehouse, ao rock dos Beatles, á canción brasileira, o pop nacional e incluso á música en galego. A pesar da va-

riedade de estilos, hai unha tendencia ao soul que pode chegar a definírnos.

## Hai algún artista ou grupo que vos teña influenciado?

Cada un de nós vén con influencias moi diversas. Noelia destaca a mulleres do jazz, do soul e do funk como Erikah Badú, Billie Holiday ou Betty Davis. Nerea ten unha influencia moi forte de artistas do R&B como Beyoncé e mesmo do rock como Janis Joplin. Olalla está máis influenciada por grupos como Perotá Chingó e Leilía, e artistas como Cesária Évora,

mo que incorporamos ao repertorio, ‘A voz das amigas’ de Leilía, que seguramente sexa o tema que máis nos emociona a nós e ao público, polo significado e forza que ten.

## Que significa para vós a asociación Rúa da Música de Sarria?

Na Rúa da Música é onde nace Malditos Roedores, pois é alí onde comezamos a ter ‘contacto musical’ os catro, pero tamén é o lugar e a xente que nos viu medrar como grupo e que nos apoiou neste camiño. É dicir, probablemente se non existise a Rúa da Música tampouco existiría Malditos Roe-



Mercedes Sosa ou Maria Creuza. Pola súa banda, Borja destaca a influencia de Sam Cooke e Otis Redding.

## Tedes algún tema que vos guste especialmente interpretar? E algún que notedes que chega máis ao público?

A verdade é que nos sentimos moi a gusto interpretando todos os temas, porque todos son da nosa elección, mais hai un ao que lle temos un agarimo especial, que é ‘Mr. Sandman’, por ser o primeiro tema que montamos. Tamén o últi-

mos. A asociación é o lugar non só de ensaio senón tamén de encontro de moitos músicos de Sarria e xermolo da maior parte dos grupos locais.

## Malditos Roedores, a asociación Rúa da Música, agrupacións de folclore tradicional, actividades como os Cantos de Taberna, festivais como Garitosis, Esmorga Fest ou Espantada Rock... En todos, a música como protagonista. Hai moita cultura musical en Sarria?

Si, todos eses festivais son un bo exemplo da cultura musical exis-



tente en Sarria, e do seu dinamismo e diversidade. Pensamos que somos afortunados de vivir nun pobo onde se pode disfrutar da música en calquera época do ano, e que tantos e tan bos músicos, grupos e festivais locais formen parte da nosa identidade colectiva.

que parar outra vez, e estamos a retomar agora, coa esperanza en que todo vaia mellor. Pero non todo foi negativo, é certo que non puidemos facer todos os concertos, pero iniciamos o que chamamos ‘Caseto Sessions’, que consistiu nuns vídeos que subimos a Youtube interpretando algúns temas do noso repertorio. Puxémoslle ese nome porque houbo uns meses que tivemos que irnos aos casetos que tiñamos na aldea para ensaiar, xa que o local de ensaio tiña que estar pechado por causa da pandemia.

## Compuxestes ademais o tema Xa non podo co covid. Como xurdiu o tema e que repercusión está a ter?

Pois a idea xurdiu no confinamento. Levabamos xa unhas semanas pechados nas nosas casas e decidimos comezar a gravar algúns dos temas do noso repertorio. Un día decidimos que queriamos cambiar o rollo e decidimos adaptar o tema ‘No puedo vivir sin ti’ de Los Ronaldos e facer a nosa versión de ‘Xa non podo co covid’. Estivo ben porque montamos un vídeo e tivo bastante difusión nas redes sociais. Ademais, algunhas persoas poñían o tema a todo volume desde as súas casas ás 8 da tarde, e daba gusto escoitalo nas rúas de Sarria.

## Fixestes algún concerto neste tempo?

Tivemos unha actuación conta a finais de abril nun acto con motivo das Letras Galegas e en homenaxe á poeta sarriana Xela Arias, a quen se lle dedican este ano.

## Tedes algún proxecto máis en mente?

Pois o plan neste momento é seguir xuntándonos a ensaiar e poder retomar os concertos con normalidade. Para o próximo concerto temos que incorporar novos temas ao noso repertorio, o cal nos obriga a seguir ampliando os nosos horizontes musicais e iso sempre resulta estimulante.



## O Esmorga Fest volve o 24 de xullo á praza da Vila de Sarria

O festival de música independente Esmorga Fest xa ten data de volta. Despois de ter que suspender a edición do ano pasado pola covid, a organización confirmaba hoxe que Sarria acollerá de novo este festival, o sábado 24 de xullo. A edición deste ano contará coa participación dos grupos Niña Coyote eta Chico Tornado, Holywater, Depresión Sonora e Montepérdido. Segundo explican desde a asociación cultural EsmorgArt, será unha edición gratuíta e para un aforo reducido. Nos vindeiros días darán a coñecer o procedemento a seguir



para a petición das entradas. O festival está promovido polo Concello de Sarria e a área de Cultura da Deputación de Lugo. Despois de ter que cancelar a súa última edición, o día antes da súa celebración en 2020, o festival regresa cunha edición moi especial e gratuíta que contará con todas as medidas necesarias para garantir a seguridade dos seus asistentes. Esta nova edición terá lugar na praza da Vila, de Sarria. Un espazo ideal para a celebración de eventos ao aire libre, situada no centro da vila

### A escola oficial de pilotos prepara unha charla sobre drons

A escola oficial de pilotos World Aviation convida a asistir a unha charla informativa sobre drons no espazo multidisciplinar O Garaxe de Sarria.

Durante a charla, instrutores cualificados da nosa escola expoñeránvos os temas máis relevantes do sector: Limitacións da lexislación española, expectativas de futuro e a nova lexislación europea. A charla realizarase o próximo 18 de maio ás 15.00 horas nas instalacións de O Garaxe.

### Obradoiro creativo o 14 de maio

O obradoiro Mirar de través. Modos de ver ó cotián será impartido por X. Lois Gutiérrez Failde, profesor de Historia da Arte e Cultura Visual no IES Xograr Afonso Gómez da vila de Sarria. A celebración de dita actividade será o 14 de maio en O Garaxe, en Sarria, de 17.00 a 20.00 horas.

O obradoiro ten como obxectivo descubrir unha maneira máis atenta de desenvolver a sensibilidade creativa a través dun exercicio de atención e contemplación a través de obxectos cotiás. Aprenderase a mirar e a fotografar. Finalmente, realizarase un pequeno fotolibro, a modo de fanzine, para levar de recordo.

A actividade é gratuíta e as prazas están limitadas a 10 persoas (de 12 a 16 anos) e serán adxudicadas por orde de inscrición. Para reservar a praza hai que chamar ao 982 530 086 ou ogaraxesarria@gmail.com.

Debido a situación do covid-19, tanto na aula como nos espazos manteranse as distancias de seguridade, ademais doutras medidas e protocolos con carácter obrigatorio.



Participantes na campaña do IES Afonso Xograr

## A campaña 'En bici ao Xograr' segue gañando adeptos dende marzo

A campaña *En bici ao Xograr. Ánimate a pedalear!* que o IES Afonso Xograr Gómez de Sarria puxo en marcha a comezos de marzo segue en marcha e vai sumando adeptos. Os rapaces recibían unha mensaxe do "primeiro padriño" desta acción, coa que se pretende "conquerir un centro máis saudable e solidario co coidado do medio ambiente".

O primeiro padriño é o ciclista cordobés Alfonso Cabello, que compite en ciclismo adaptado nas modalidades de pista e ruta. Cabello, que gañou tres medallas nos Xogos Paralímpicos de Verán nos anos 2012 e 2016, fíxolle chegar ao instituto sarriano un vídeo no que trasladou a "ilusión" que lle fixo coñecer "esta fabulosa iniciativa", ao tempo que animou aos estudantes a apostar pola bici para os seus desprazamentos.

**A CAMPAÑA.** A campaña *En bici ao Xograr* botou a andar o día 8

de marzo, dentro do Plan Proxecta *Mobilidade sostible e segura*, co fin de promover o uso da bicicleta entre o alumnado, así como potenciar a creación de distintos camiños escolares seguros.

Cada semana, o instituto entrega pequenos agasallos a aquelas persoas que fixesen o desprazamento en bicicleta un mínimo de dous días na semana.

Para aqueles membros da comunidade educativa aos que lles resulte máis complicado ir ao centro en bicicleta, a campaña propón a realización dun percorrido alternativo. Trátase dun roteiro "case na súa totalidade en plena natureza e ideal para disfrutar en familia" na contorna natural das Aceas e duns 15 ou 20 minutos de duración.

As persoas que opten por esta ruta alternativa deben tomar fotografías e/ou gardar o percorrido a través dalgunha aplicación para medir a actividade e, deste xeito, poden recibir tamén os seus agasallos.



Os novos pasos de peóns en Sarria

## O Concello adaptará os seus pasos de peóns ás persoas con autismo

A rúa Xela Arias de Sarria, antes chamada rúa José Antonio, foi a elixida polo Concello para estrear ao longo do mes de abril unha nova sinalización nos pasos de peóns, co fin de adaptalos ás persoas con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA).

Para elo, o Concello vén de asinar un convenio coa Asociación Teavial, que busca mellorar a autonomía e seguridade viaria das persoas con este trastorno. A nova sinalización suporá a colocación dunha secuencia de pictogramas ordenados de xeito lóxico sobre a primeira franxa branca dos pasos de peóns. Estes pictogramas facilitan ás persoas autistas a comprensión sobre as normas que deben seguir

antes de cruzar. Trátase dunha secuencia na que predomina a cor azul e na que se establece de forma sinxela a necesidade de parar, mirar e agardar a que o coche se deteña antes de cruzar. Con esta iniciativa búscase favorecer a comprensión das persoas con TEA, mellorando así a súa autonomía e ofrecéndolles un plus de seguridade. Ademais, estes pictogramas cumpren outra misión importante, como é crear cidades máis accesibles para todos, concienciando e empatizando sobre a diversidade.

O Concello iniciou o pintado destes novos pictogramas na rúa Xela Arias co obxectivo de ilos instalando nos pasos de peóns de toda a localidade.

## Outro ano sen Bienal e Feira das antigüidades

Sarria queda, por segundo ano consecutivo, sen a Bienal de Arte, que aprazará o encontro ata o 2022. A pesar disto, sí que se levará a cabo unha pequena exposición en homenaxe ao escultor sarriano José Díaz Fuentes, artista que puxo en marcha esta iniciativa en 2005. Esta cita xa estaba prevista para o ano pasado, cando se cumprían dez anos do seu falecemento, sen embargo, a causa da covid19, non se puido levar a cabo. A exposición celebrarase na segunda parte de xullo, nunha data que aínda non confirmada, onde participarán entre 15 e 20 artistas da zona e de Francia.

**ANTIGÜIDADES.** A pandemia impide a celebración da Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración de Sarria, que se debería celebrar en abril. Para que a data non pase desapercibida, anticuarios e o Concello desenvolven diferentes actuacións dirixidas a reivindicar



a importancia do sector. Entrelas, destaca a creación dun cartel divulgativo e un folleto promocional así como a elaboración dun vídeo conmemorativo, que convida a visitar as tendas de antigüidades de Sarria. O vídeo inclúe entrevistas coas catro anticuarias locais, ao tempo que fai un percorrido polos seus establecementos. A feira acadaría o ano pasado as súas vodas de prata.

# A Ponte Ribeira segue na polémica

O PSOE pedirá explicacións no Parlamento sobre os trámites do proxecto mentres o alcalde ameaza cunha denuncia a Patrimonio

O PSOE pedirá explicacións no Parlamento para coñecer cales son as razóns polas que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural “tardase máis dun ano” en remitir ao Concello de Sarria o informe sobre o proxecto para a construción da pasarela metálica provisional na Ponte Ribeira.

Os socialistas lembran que o trazado orixinal do Camiño de Santiago ao seu paso por Sarria “leva seis anos interrompido pola paralización en 2014 das obras da Ponte Ribeira, provocando evidentes prexuízos xa non só para os camiñantes senón para os propios habitantes da vila”.

O Concello de Sarria presentaba en decembro de 2019 o proxecto para a construción dunha pasarela metálica provisional no viaducto. Para levalo a cabo, e conforme á legalidade esixida, solicitaba en xaneiro de 2020 o informe/autorización pertinente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en febreiro á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e en novembro á Deputación de Lugo. Tanto a Deputación como a Confederación Hidrográfica emitían informes favorables á obra, non sendo así no caso da Dirección Xeral de Patrimonio, que non se pronunciou ao respecto ata un ano máis tarde -o día primeiro de marzo de 2021- cun



Vista da Ponte Ribeira

informe desfavorable.

Segundo consta nesa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, e a pesar do seu silencio, lembran os socialistas, si existiron informes dese departamento autonómico: un de febreiro de 2020 favorable ao proxecto por parte do servizo de arqueoloxía e outro desfavorable de días despois do servizo de arquitectura. O mesmo expediente fai seu outro informe do Consello Asesor dos Camiños de Santiago que “nunca chega” ao Concello de Sarria.

Na iniciativa do PSOE sinalase que “consonte á legalidade, e ante o silencio da citada Dirección Xeral dian-

te das solicitudes de diversas administracións, a Xunta de Goberno do Concello de Sarria acorda en decembro de 2020 continuar co proxecto da pasarela provisional, unha decisión que comunica ao Goberno autonómico sen ter recibido pronunciamento ao respecto. Curiosamente é a partir desa comunicación á Xunta de Galicia cando a Dirección Xeral, en cuestión de poucos días, lle remite ao Concello de Sarria un informe desfavorable sobre a base do ditame que o Consello Asesor dos Camiños de Santiago adopta nunha xuntanza celebrada dende hai máis dun ano”, advirten.

## Denuncia a Patrimonio

O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, ameaza con levar aos tribunais á Dirección Xeral de Patrimonio por “prevaricación administrativa”, por non permitir a apertura de Ponte Ribeira por onde tamén discorre o Camiño de Santiago.

O rexedor acusa ao PP de “impe-dir” a apertura, solicitada “no estricto cumprimento da legalidade” en xaneiro do ano pasado. Asegura que a Dirección Xeral de Patrimonio non contestou durante un ano, non só ao Concello senón tampouco á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que autorizou as obras no mes de novembro de 2020.

Segundo o rexedor sarriano, “a Xunta impide que poidamos abrir a ponte, o peor é que leva cortada desde 2014 por unha actuación negligente do PP que executou un proxecto de encauzamento de sete quilómetros de río e só executou 400 metros. No 2014 cortou a ponte e en 2015 abandoou as obras”.

Claudio Garrido sinala que a “deixazón de funcións gravísima” da administración autonómica, como

tamén da CHMS e de Augas de Galicia, fixo que fose o Concello quen “tivo que asumir a responsabilidade da súa execución”. Antes de levar o asunto aos tribunais, o rexedor adianta que presentarán un “recurso de reposición” porque “o Concello vai defender que o acordo municipal de licitación e adjudicación é un acordo firme”.

**PATRIMONIO.** A Dirección Xeral de Patrimonio basea a súa negativa a autorizar a pasarela na afección que esa construción tería sobre “unha ponte histórica e o Camiño de Santiago”.

Argumenta ademais que pasarela é máis estreita que as estruturas existentes sobre as que se ía realizar e que non se axusta ao ancho das vías ás que dá servizo. Do mesmo xeito, indica o informe que a pasarela prevista non se adapta a un proxecto para o tráfico peonil, e engade que, se o que se quere é restablecer o tráfico rodado e peonil, “xa foi autorizada por esta dirección xeral unha ponte” en marzo de 2018.

## Aprobada a proposición para a mellora da rúa Diego Pazos



Unha imaxe da rúa Diego Pazos

O Parlamento de Galicia aprobou a proposición non de lei do Grupo Popular a través da que se require ao Concello a execución do proxecto de peonalización e mellora comercial da rúa Diego Pazos, segundo o proxecto técnico inicialmente presentado e que conta coa pertinente autorización autonómica, e no que se recolle unha actuación integral coa execución de beirarrúas, aparcadoiros e zona de circulación, así coma servizos, iluminación e mobiliario urbano.

“A veciñanza da zona, nun dos principais espazos comerciais deste municipio, non merecen soportar

a mala situación na que o Concello mantén esta vía, cun asfalto cheo de fochancas; cunha deficiente execución do nivelado das beirarrúas, que provoca inundacións en vivendas e locais de negocios; e incumprindo as melloras que se comprometeu a facer en materia de iluminación, sinalización e colocación de mobiliario urbano”, sinalou o deputado popular José Manuel Balseiro. Balseiro recoñeceu que esta rúa é de titularidade autonómica, “pero quen promoveu a obra no ano 2018 foi o Concello de Sarria, que foi incapaz de rematar os traballos completamente”.

## Discrepancias polos plans de conservación da Casa dos Ulloa

O pleno aprobou, coa abstención do Partido Popular, un crédito extraordinario para o mantemento e conservación da Casa dos Ulloa, tamén coñecida como Casa das Arsenias. Isto suporá a incorporación ao orzamento municipal da indemnización abonada pola compañía de seguros despois do incendio que se rexistrara no inmoble no ano 2019, e que rolda os 43.000 euros.

Os partidos da oposición queixáronse de que desde o Concello se tardara tanto tempo en realizar labores de mantemento no edificio, así como do feito de que as portas e fiestras do mesmo fosen tapiadas con ladrillos. Neste senso, o alcalde, Claudio Garrido, manifestou que se baralla colocar unhas lonas co fin de “tapar as vergoñas”.

Esta manifestación provocou o rexeitamento dos demais grupos da corporación municipal, ao entender que a colocación desas lonas conlevará que o edificio non se restaure durante o actual mandato. O rexedor sarriano recoñeceu que a restauración da Casa das Arsenias non é a día de hoxe



Estado de deterioro da Casa dos Ulloa

unha prioridade para o goberno local, senón que teñen outras como a residencia de maiores ou a casa da cultura.

O PP acusou ademais ao equipo de goberno de “renunciar” a dúas subvencións concedidas no ano 2018 para o proxecto de rehabilitación da Casa das Arsenias -unha de 200.000 euros da Xunta e outra de 50.000 da Deputación-, un proxecto que, din, contaba ademais “con proxecto de obra e con tódolos informes favorables”.

**PRAZA PONTEVELLA.** O PP denuncia a “desidia” do alcalde do municipio e do conxunto do goberno local ante o “abandono” que presenta a praza da Pontevela.

Os populares fanse eco das reclamacións dos veciños e veciñas da zona, que se queixan de que o pavimento das sendas peonís que hai na praza ten numerosas lousas rotas e levantadas. Ademais, a pavimentación das mesmas anégase a miúdo, resultando “perigosa” para nenos e maiores, e moitas das bocas da rede de sumidoiros están afundidas.

## O Pleno rexeita que o Concello actúe no Muíño do Toleiro

O pleno de Sarria rexeitou na moción presentada polo grupo municipal do PP na que instaba ao Concello a arranxar de xeito inmediato o Muíño do Toleiro, polo seu estado de deterioro. Os populares demandaban que, cando menos, se executen actuacións que non o convertan nun inmovible "irrecuperable" e lembraban que o edificio sufriu derrubamentos xa en dúas ocasións. Desde o goberno local rexeitaron a moción ao considerar que é o Goberno autonómico quen debe actuar, como titular do Muíño.

Foi rexeitada tamén outra moción do PP para pedir explicacións sobre a perda de 450.000 euros de fondos do plan único dos anos 2017 e 2018.



Imaxe do Muíño do Toleiro

A corporación si deu o visto bo a unha moción do BNG na que se solicitaba a revisión dos bens inscritos pola Igrexa no municipio, e tamén á ordenanza

do cemiterio. Populares e socialistas criticaron o "recorte nos servizos" por non abrir o cemiterio nas tardes dos domingos e días festivos.

## Substituirán a cuberta do CAPD



Imaxe do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade

A conselleira de Política Social, Fabiola García, anunciou a substitución da cuberta do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Sarria, para o que a Xunta investirá preto de 400.000 euros. Díxoo durante unha visita a este centro e na que estivo acompañada do delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias,

delegado da Xunta en Lugo. A conselleira sinalou que esta obra de mellora é unha das previstas polo Goberno galego durante este ano nos distintos centros de servizos sociais da Comunidade. No ámbito da discapacidade, apuntou que están proxectadas melloras nos CAPD da Coruña e no de Redondela,

por un total de preto de catro millóns de euros.

Fabiola García asegurou que a previsión é comezar as actuacións no centro de Sarria o antes posible. As obras xa foron adjudicadas polo que tan só resta agardar á autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para iniciar os traballos.



**CONCURSO.** A asociación sociocultural ASCM percorre distintos concellos xacobeos para facer ver a necesidade dun Camiño de Santiago accesible para todos e todas. Precisamente unha alumna do IES Xograr Afonso Gómez, da localidade sarriana, foi a gañadora do concurso de debuxo convocado por ASCM para elixir á mascota da iniciativa, bautizada como Xacobín. Trátase de Natalia López López, estudante de segundo da ESO. A súa creación representará ao Camiño Francés nunha fase final do certame.

## O Concello perde unha axuda de 18.000 por non presentar a documentación correcta



Casa do Concello de Sarria

A Deputación de Lugo vén de notificarlle ao Concello de Sarria a perda do dereito a cobro dos 17.666 euros cos que ía subvencionar o soterramento dunha liña eléctrica en Oural por non entregar a documentación correcta.

Os trámites entre o Concello sarriano e mailo ente provincial en relación a esta axuda comezaran xa no ano 2015, sendo a partida aprobada en sesión plenaria da Deputación. No ano 2017, o goberno local sarriano acababa de entregar a documentación que se lle solicitara ao respecto, pero a Deputación comunicáballe que

os informes eran erróneos ou deficientes, volvendo a requirir a documentación o ano pasado. Ante a falta de resposta, o ente provincial vén de declarar a perda do dereito ao cobro dos preto de 18.000 euros.

A liña eléctrica de Oural soterrouse no ano 2015, cando se solicitou a subvención. Era unha obra moi demandada polos veciños, polo perigo que a liña podía supoñer ao pasar ao carón dos xogos infantís e do parque biosaudable da localidade. Coa perda agora da subvención, o Concello de Sarria terá que asumir o coste das obras.



Restos da poda na rúa Castelao

## Queixas pola tala de árbores na rúa Castelao

Veciños de Sarria quéixanse dunha tala masiva de árbores que se vén de levar a cabo na rúa Castelao da localidade.

A través das redes sociais, son moitas as persoas que están a amosar o seu descontento por unha actuación que consideran "indiscriminada" e mesmo un "atentado ecolóxico".

Se ben, a tala destas árbores na contorna da rúa Castelao está a ter tamén os seus defensores que alegan, neste caso, que as árbores eran

fráxiles e supoñían un perigo, especialmente por mor da posible caída de ramas en caso de temporais.

Desde o Concello de Sarria explican que a tala foi levada a cabo por un particular nuns terreos privados e cos permisos municipais correspondentes. Aseguran que había risco de caída de ramas e que ademais as follas obstruían o saneamento. Engaden ademais que a intención dos propietarios é plantar outro tipo de árbores na zona.

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# “O número de peregrinos caeu coa covid, pero facer o Camiño é seguro”

**A Asociación de Amigos do Camiño de Sarria recibe e asesora a boa parte dos camiñantes**

A Semana Santa é o momento elixido por moitos peregrinos para emprender a ruta xacobeá. Érao alomenos ata a que a covid chegou para marcar as nosas vidas, botando por terra celebracións e costumes pasadas. Unha das localidades xacobeas por excelencia é Sarria, onde se nota esa redución no trafego propio destas datas, e mais nun ano Xacobeo.

A Asociación de Amigos do Camiño de Sarria recibe e asesora a boa parte deses peregrinos que chegan á vila. Falamos co seu presidente, Jorge López, quen ademais vén de deseñar un plano para promocionar a artesanía da localidade co ánimo de compensar a suspensión, por segundo ano consecutivo, da Feira de Artesanía na antiga prisión.

**Estamos en ano Xacobeo, como está a ser a afluencia de peregrinos?**

A verdade é que desde que comezou a pandemia, nótase moito cambio. O ano pasado, durante a tempada alta, igual houbo un 80% menos de peregrinos que en anos anteriores. Estes días parece que se está animando un pouco máis xente, pero non é nin a sombra do que era. De feito, nun día coma hoxe de Semana Santa aquí podíamos selar entre 200 e 300 credenciais, e agora no mellor dos casos estamos selando ao redor de 40 ou 50.

**Facer o Camiño de Santiago é seguro?**

Desde logo que é seguro. O Camiño de Santiago faino moita xente, pero tamén hai moitas prazas para facer noite, entre albergues, pensións, hoteis... E para ir camiñando podes ir só, non se forman esas aglomeracións que serían perigosas. Pola experiencia que temos no local da asociación, podo dicir ademais que a xente vén moi concienciada, coa máscara en todo momento, facendo uso do xel, mantendo as distancias...

**Cando nace a Asociación de Amigos do Camiño de Sarria?**

A asociación naceu en maio do ano 2007. Creámola unha decena de personas, entrelas o seu primeiro presidente que era Salvador Garrido, un peregrino de Málaga

que fixera o Camiño 14 veces, e que por circunstancias viviu logo aquí uns anos. El estivera na asociación do Camiño na súa cidade e nós tiñamos gañas de crear na localidade algún colectivo dese tipo asíque, tamén grazas ao seu apoio, animámonos.

**Cal é o labor da asociación?**

A asociación céntrase en atender ao peregrino, no sentido de selar as credenciais, darlles información, asesoralos... Antes en Sarria contaban xa coa oficina municipal de turismo, pero nós fixemos algo máis especializado no Camiño. E, cousas da vida, desde setembro



do ano pasado a asociación ocupamos precisamente o local no que estaba a oficina de turismo. O Concello trasladou o punto de información turística e cedéunos a nós o seu antigo local, en Vigo de Sarria. Aquí desenvolvemos o traballo durante todo os días do ano, de 12.00 a 14.00 horas agora en tempada baixa. A partires de maio, e ata outubro máis ou menos, ampliamos o horario de atención. Ademais temos un teléfono no que atendemos as consultas dos peregrinos en calquera momento. Como curiosidade, dicir tamén que vendemos as credenciais da Asociación Protectora de Animais do Camiño, coas que se obtén a compostela canina.

**Nos últimos tempos puxeron ademais en marcha a súa web...**

Si, temos a web caminosantiago-sarria.es, e estamos tamén nas redes sociais. Desde que comezou a pandemia estannos solicitando moita, moitísima, información sobre todo en canto a lugares onde quedarse durante o Camiño, porque con esta situación, e con moi-



tos establecementos aínda pechados, prefiren vir baixo reserva. Por iso, na web creamos o apartado de ‘colaboradores’ con albergues, pensións, hoteis, servizo de transporte de mochilas, taxis, tendas... todos pola orde das etapas do Camiño. Pulsando en calquera deles, accedes directamente á información do local e á súa oferta, para facer a reserva ou o que sexa. Deste xeito, o peregrino contacta directamente co servizo en cuestión, evitando os interme-

diarios que supoñen sempre un sobrecusto. Na asociación somos conscientes de que o peregrino precisa información, e entendemos que se deben tratar como o que son, persoas, non vendo neles un negocio. Nese sentido, esta iniciativa está funcionando moi ben. Os colaboradores págannos unha pequena cantidade anual e cada vez temos máis, porque o boca a boca vai funcionando. Temos colaboradores desde Triacastela ata Finisterre, de onde máis temos é de Triacastela, Samos, Sarria e Portomarín.

**A Asociación de Amigos do Camiño de Sarria foi a creadora da Feira de Artesanía?**

Si, foi ao pouco de crear a asociación. Gustábanos amosarlles aos peregrinos o traballo de artesanía que se facía na comarca, así que decidimos montar unha exposición itinerante, con tres ou catro artistas da zona. Empezamos en Triacastela e logo fomos a Samos, Sarria, Portomarín... amosando o traballo deses artistas. Isto gustou e comezamos a organizar unha

cita anual, nos meses de setembro e outubro, de forma xa fixa, na antiga prisión de Sarria. O ano pasado sería a edición décimo terceira, pero xa non se puido celebrar pola covid...

**Cantos artesáns participaban na mostra?**

A acollida da mostra foi sempre moi boa. Como dicía antes, empezamos con 3 ou 4 artistas e chegamos a contar nos últimos anos coa participación de entre 70 e 80 artesáns, que expoñían unhas 500 pezas. No mes e medio que estaba aberta, a exposición recibía ao redor de 12.000 visitas. Como anécdota dicir que nesta mostra soamente expoñemos traballos de artesáns da comarca, pero hai unha excepción. Desde fai catro anos, acolle tamén a obra dun peregrino de California, tamén artesán, que despois de visitar a mostra na súa peregrinaxe díxome que el ía realizar unha obra do Camiño e que quería expoñela alí connosco. Ao ano seguinte veu coa súa familia e doounos unha obra que representa a un peregrino ao inicio da ruta, a mediados e ao final do traxecto. O certo é que é unha obra ben fermosa e segue exposta na antiga prisión.

**Este ano, no que non se prevé tampouco celebrar a mostra pola covid, buscaron outra alternativa para promocionar a artesanía da comarca...**

Si, ocurriúseme aproveitar un rúeiro de Sarria, e marcar nel os puntos onde os artesáns do pobo teñen puntos de exposición: os anticuarios, o lutier, un artesán que fai maquetas de monumentos da zona, outro que fai esculturas con produtos de reciclaxe ou mesmo o Museo do Pan... Pensei que, ao non poder facer a exposición, podíamos suxerir esas visitas aos peregrinos, que adoitan chegar á localidade sobre o mediodía e teñen unhas horas mortas pola tarde, que poden aproveitar para facer estas visitas. É unha forma de dar a coñecer as cousas que se fan no pobo, unha promoción cultural.

**A Asociación de Amigos do Camiño de Sarria está irmanada con outras asociacións de todo o mundo...**

Si, estamos irmandados con colectivos de Ávila, de Segovia, de Ucles, e tamén de Xapón. Coa Asociación de amigos da ruta dos templos de Shikoku temos un convenio para atender cada ano a máis de 100 peregrinos das súas universidades. En 2019 convidáronme precisamente a visitar o país nipón para falarlles do Camiño. Estiven na cidade de Thakamatshu, visitei uns 20 templos e din varias charlas. Aos xaponeses apaixoaos o Camiño, eles peregrinan moito máis movidos por crenzas relixiosas. Unha das charlas, nunha universidade, programárona para un domingo pola mañá, pensei que non ía asistir ninguén, pero alí había uns 50 ou 60 alumnos.

**Como foi a experiencia?**

Recoñezo que ía con algo de medo, pero resultou unha experiencia inesquecible. Para as miñas credenciais, eu levaba un vídeo explicando a ruta desde O Cebreiro a Santiago, facendo especial fincapé na comarca de Sarria. Os xaponeses que fixeron o Camiño de Santiago falan con emoción da zona, é unha grande satisfacción. Ao final dunha das charlas pasou algo moi curioso, cando unha moza xaponesa se dirixiu a min falando en galego. Preguntoume se coñecía Lugo, e díxome que ela estivera alí nun intercambio universitario e que fora a encargada de facer a primeira tradución ao xaponés dunha guía turística da cidade, con especial atención ás celebracións do Arde Lucus e O San Froilán. Foi unha grande sorpresa, pero o máis increíble aínda estaba por vir. Foi cando un peregrino francés, equipado co quimono xaponés, me recoñeceu máis tarde nun albergue. Preguntoume se era de Sarria, e díxome que facía un ano eu lle selara a credencial. De feito, ensinoume para demostrarme que era certo. O mundo é un pano.



# SARRIAXA

## NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL  
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER  
AS NOVAS DA COMARCA

VISITA A NOSA WEB  
[www.sarriaxa.com](http://www.sarriaxa.com)

661 464 323 - [redaccion@sarriaxa.com](mailto:redaccion@sarriaxa.com)

## LETRAS GALEGAS: XELA ARIAS

# A poeta que ía por diante do seu tempo e conectou coas xeracións do século XXI

## Unha autora singular, que contribuíu a renovar a poesía galega dos anos 80 en temas, estilo e forma

Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962 como María de los Ángeles, aínda que os seus pais inscribiron o seu nacemento en Sarria, e foi chamada Xela desde pequeniña.

Para cando puido revatirlle a un xuíz que o seu nome privado e público era Xela, este autorizoulle o troco, e así pasou a ser Xela Arias, a escritora que todos coñecemos.

Foi unha poetisa, tradutora en varias linguas, editora, e profesora galega, ligada a Edicións Xerais de Galicia, coñecida polas súas obras *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*.

**VIDA.** Os seus pais foron Valentín Arias López e Amparo Castaño López. As terras das familias paterna e materna estaban nas parroquias de Maside, Ortoá e Meixente (lugares da Vilerma, Barreiros e Mouzós). Foi criada en galego e estudou na Granxa de Barreiros, no Colexio Fingoi de Lugo, entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo, por ser destinado o pai como mestre á escola de Moledo, en Sárdoma, hoxe CEIP Sárdoma-Moledo.

En 1976 ingresou no Instituto Castelao do barrio do Calvario pero facendo o COU abandonou os estudos, e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, desde o seu nacemento en 1979, canda Xulián Maure Rivas e Roberto Pérez Pardo, primeiro como oficinista, despois en creación e investigación e de 1990 a 1996 como correctora de estilo e editora.

**TRAXECTORIA.** Dende 1980 publicou en xornais e revistas como *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de Noticias do Porto*, *Dorna*, *Tintimán*, *Carel ou Katarsis*, colaborou en publicacións como *Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza* ou *Boletín Galego de Literatura* e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

Participou nun recital poético nun acto contra a entrada de España na OTAN en 1982; en 1988 inscribiuse en Greenpeace; en 2002 participou nun recital en solidariedade cos afectados polo desastre do Prestige no MARCO; noutro Contra a Burla Negra, organizado por Pepe Álvarez Cáccamo e máis ela en febreiro de 2003; ese mesmo mes e ao seguinte, leu declaracións en senllas manifestacións contra a Guerra de Iraq.

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega. En 1991 rexistrou as letras para o grupo musical Desertores e retomou os seus estudos, iniciando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués. En 1996 Xela Arias publica *Darío a diario*, un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade.

No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario, de

lingua e literatura castelá, nos institutos Terra de Xallas de Santa Comba, Paralaia de Moaña, Valle-Inclán de Pontevedra, Xelmirez II de Santiago de Compostela e Valadares II de Vigo. En anos seguintes foi docente en Chapelá (Redondela), A Sangriña (A Guarda) e Álvaro Cunqueiro (Vigo). A súa *Poesía reunida* publicouse en novembro do ano 2018, con edición, introdución e notas de Chus Nogueira.

**TRADUTORA.** Comezou o seu labor como tradutora na nosa lingua co libro *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari (1920-1980), autor italiano e gañador do premio Hans Christian Andersen. Éste, era un texto realmente atractivo para a xuventude e, sobre todo, para unha escola que comezaba a recuperar o galego como lingua de ensino.

Tamén se animou co *O bosque animado* publicado en Edicións Xerais en 1987. O orixinal *El bosque animado* foi escrito


por outro galego, Wenceslao Fernández Flores, en 1943. Xa no ano 1988 un equipo formado por Valentín Arias López, pai de Xela; Xela Arias, María Xosefa Senín Fernández, X. Antón Palacio e Xavier Senín publicou *Don Quixote da Mancha*, da tradución da obra de Miguel de Cervantes. Esta foi a primeira versión en galego completa e publicada.

En 1993, viu a luz a obra de James Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*, a cal foi galardoada en 1994 co premio Ramón Cabanillas.

No ano 2000, Xela foi quen de facer a tradución de *Drácula*, de Bram Stoker.

Máis tarde, no 2003, chegou *As bruxas* de Roald Dahl e da man de Xela e Lidia Iglesias.

Ademais, traduciu a moitos máis escritores como Carlos Oroza, Camilo Castelo Branco, Jorge Amado, Juan Farias, James Joyce, Vicenç Beltran, Jan Terlouw, Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.



# A través da palabra, novos espazos



**EXPOSICIÓN.** Inaugurouse en Sarria a exposición Xela Arias. A poesía do retrato, unha colección de fotografías realizadas por Xulio Gil xunto aos textos poéticos da autora. Os vinte paneis que forman a mostra, con retratos en branco e negro que dialogan con cadanseu texto, quedaron instalados en distintos puntos do centro urbano de Sarria, conformando un roteiro urbano pensado para socializar a poética da autora homenaxeada pola Letras Galegas.

Os paneis da mostra instaláronse na Casa da Cultura, na Praza da Vila, na Escalinata Maior, no Paseo do Malecón, no Parque do Chanto, na Rúa Ánxel Fole, no Parque Castro Agrasar e na Capela de San Lázaro, na rúa que ven de tomar o nome da autora. As fotografías e poemas preséntanse impresas en panel metálico de aluminio de 3 mm. encadradas sobre 10 macromarcos de aceiro galvanizado sobre peana de formigón, un formato concebido para espazos exteriores que permite achegar a voz poderosa da autora e a súa imaxe icónica ao gran público.

Sarria é o punto inicial dunha itinerancia que continuará en Lugo, do 21 de maio ao 21 de xuño; en Chantada, do 22 de xuño ao 8 de xullo; en Monforte, do 9 de xullo ao 2 de agosto; en Viveiro, do 3 ao 26 de agosto; e en Ribadeo, do 27 de agosto ao 27 de setembro.

**RAG.** A Real Academia Galega (RAG) vén de presentar a Primavera das Letras da poeta sarriana Xela Arias, á que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Trátase dun portal con recursos lúdicos e didácticos para achegar aos máis novos a obra desta autora que, segundo o presidente da RAG, Víctor Freixanes, representa “un vento novo” pola súa aposta por “unha lingua e cultura que miran cara ao futuro e as novas xeracións”.

A presentación tivo lugar este martes no CEIP de Sárdoma-Moledo, en Vigo, onde a galardoada estudou durante sete anos xunto aos seus catro irmáns, e o centro no que o seu pai exerceu o ensino durante 25 anos.

Víctor Freixanes lembrou que cando a figura da escritora, editora e tradutora Xela Arias, a quen el mesmo coñeceu, foi proposta para ser recoñecida no Día das Letras Galegas de 2021, “non houbo discusión”.

## ACTOS CONMEMORATIVOS.

No marco da Primavera das Letras está previsto que se celebren distintos actos en Galicia. Entre eles, a presentación dunha serie de documentais de carácter biográfico, un concurso, unha exposición itinerante e outras accións para difundir a obra de Xela Arias.

## CONCURSO

A Biblioteca Pública Provincial convocou o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2021 na súa fase local.

Poderán participar todas as nenas e nenos dos distintos concellos con narracións en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, sobre o tema: O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Artigo 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).

Tamén haberá unha categoría de debuxos, feitos sobre cartulina cun tamaño aproximado de DIN A4, sobre o mesmo tema. Cada participante pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a máquina ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Cada traballo, acompañarase dunha folla co nome e os datos do autor ou autora.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación dos traballos rematará o venres 7 de maio ás 20 horas, debendo ser entregados nas bibliotecas municipais ou nos colexios de cada Concello.

O fallo do xurado local farase público na segunda quincena de maio. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo.



# LETRAS GALEGAS: XELA ARIAS

## Un mural da escritora preside a rúa que leva agora o seu nome



Mural de Mon Devane

O Concello de Sarria vén de promover un mural da poeta local Xela Arias, así, o artista Mon Devane decorou unha mediana dunha casa coa imaxe da autora que este ano honra o Día das Letras Galegas.

A imaxe escollida polo artista ourensán é unha das máis re-

coñecidas de Xela Arias, e foi o escollido polo Concello pola súa longa traxectoria en este tipo de murais como os realizados nas Estrelas del Camino, unha exposición de sete murais realizada ao longo de todo o Camiño Francés, en lugares como Triacastela, Sarria e Por-

tomarán.

O mural loce na rúa Xela Arias, antiga rúa José Antonio, e pode verse no lateral dunha casa que se atopa preto da Casa da Cultura e dunha pequena zona de descanso, e ademais é moi visible por aqueles visitantes que entren na vila polo corredor.

## Exposición na rúa itinerante

A poesía do retrato, un proxecto expositivo que presenta textos poéticos da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2021 xunto aos retratos realizados polo fotógrafo Xulio Gil entre 1988 e 2001, poderanse ver nunha mostra, que se complementa cun libro catálogo, está concebida para espazos exteriores e cun formato adaptado á itinerancia.

A exposición consta de 20 imaxes en branco e negro que dialogan con cadanseu texto poético, dando lugar a unha potente interacción entre a fotografía e poesía. A colección de imaxes, que se amplía ata as 53 no catálogo que acompaña a mostra, retratan a poeta posando con determinación e sen artificios ante o obxectivo de Xulio Gil, no seu período vital dos 26 aos 40 anos. Son imaxes cargadas de poesía, onde a mirada penetrante de Xela Arias observa de fronte e con honestidade.

Os retratos recollen a vontade creativa e os pactos estéticos do fotógrafo e da poeta, que non só se amosa como modelo, tamén como creadora, tal e como explicou na presentación da mostra Xulio Gil. “Hai moi poucas fotografías que sexan roubada, que sexan do doméstico, en xeral, son fotografías recollen posturas ou posados nos que ela controla a imaxe que quere transmitir”, sinalou o



Un dos paneis coa imaxe de Xela e o seu texto poético

fotógrafo, quen aludiu ao proxecto poético Tigres coma cabalos, como o precedente da relación artística entre ambos.

Os textos poéticos que acompañan as imaxes corresponden a fragmentos da poesía dispersa de Xela Arias, versos publicados en xornais, revistas e fanzines recollidos por María Xesús Nogueira en Poesía reunida (1982-2004). Xela Arias.

Xulio Gil abondou na vinculación de Xela Arias con Lugo “fíxose poeta e adulta en Vigo, pero era de Lugo, tiña corenta anos e era de Lugo, porque era a antropoloxía que tiña na casa, co seu pai Valentín e coa súa nai Amparo. Estou seguro de que sería para ela un orgullo que a súa poesía e a súa imaxe estiveran por todo Lugo”, sinalou.

**FORMATO E ITINERANCIA.** A instalación das fotografías e dos poemas preséntanse impresas en panel metálico de aluminio de 3 mm. encadradas sobre 10 macro-marcos de aceiro galvanizado sobre peana de formigón.

A exposición comezou o seu percorrido pola provincia de Lugo o 1 de maio en Sarria, localidade natal da autora, e estará instalada en paneis distribuídos polo centro urbano da vila ata o 20 de maio.

**PERCORRIDO.** A mostra poderá verse despois en Lugo, do 21 de maio ao 21 de xuño; en Chantada, do 22 e xuño ao 8 de xullo; en Monforte, do 9 de xullo ao 2 de agosto; en Viveiro, do 3 ao 26 de agosto; e en Ribadeo, do 27 de agosto ao 27 de setembro.

## A Casa da Cultura acolle a mostra Aquela nena de Sarria

A Casa da Cultura de Sarria acolle a exposición *Aquela nena de Sarria* dedicada á poeta Xela Arias. A mostra presentouse coincidindo coa data de nacemento da autora. Está composta por doce paneis, reflicte a época sarriana e lucense de Xela Arias, a súa querenza por Sarria e o rural, o seu vencello coa lingua galega e o empeño en que se recoñese Xela como o seu nome real. A exposición complétase con fotografías aportadas pola familia da poeta e por unha serie de debuxos da pintora Sabela Arias. Ademais inclúe poemas de alumnos dos institutos Xograr Afonso e Gregorio Fernández de Sarria, así como de compañeiros poetas do municipio e do resto de Galicia.

O colectivo Egeria organiza esta exposición, que terá carácter itinerante, coa colaboración do Concello de Sarria, a Consellería de Cultura e a Real Academia Galega. A recompilación levarase aos centros de ensino de Sarria para logo, despois do Día das Letras Galegas, iniciar o percorrido por outros concellos.

## A RAG estrea un documental de seis episodios

A Real Academia Galega (RAG) vén de presentar a serie documental ‘Xela Arias. A palabra esgazada’, que abordará a vida persoal e a traxectoria profesional da escritora ao longo de seis episodios.

O secretario da RAG, Henrique Monteagudo, subliñou a importancia de utilizar as tecnoloxías para “achegarse ás novas xeracións” e á figura de Xela Arias, poeta que será homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

A serie documental está guionizada pola xornalista lucense María Yáñez, quen cualificou á autora como “rompedora” e influente para moita xente que “conectou con ela a través da súa obra”.

O primeiro episodio da serie desenvólvese en Sarria, Lugo e Vigo e conta a infancia e adolescencia de Xela Arias. Xa está dispoñible na web da RAG —academia.gal— e nas súas redes sociais.

Ademais desta serie, que estreará un novo episodio cada martes, tamén se emitirán as micropezas ‘Xela Arias. Onde canta a poeta’. Habrá unha nova cada día, de mércores a luns, ata o 16 de maio, véspera das Letras Galegas.

O fillo de Xela Arias, Darío Gil, agradeceu á Real Academia Galega e ás editoriais o esforzo que están a facer para que a homenaxe “non desluzza nun ano tan complicado”.

## COMARCA

## Melloran a travesía de Sarria na vía LU-546 e aceleran a autovía

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de licitar a execución de obras de reforzo do firme nun treito da estrada LU-546, que une Nadela con Monforte, concretamente no tramo de 10,6 quilómetros comprendido entre Nadela e Maceda, xa no Concello do Corgo, e noutro treito de case un quilómetro na travesía de Sarria.

Os traballos contan cun orzamento de 647.000 euros e terán un prazo de execución de seis meses.

As actuacións programadas consistirán na realización de fresados localizados e a reposición do firme con mestura bituminosa en quente a carril completo. No caso da travesía de Sarria, renovarase a calzada en toda a lonxitude da travesía. Posteriormente instalarase nova sinalización horizontal en todas as zonas acondicionadas.

**AUTOVÍA.** Por outra banda, estase a intensificar o ritmo da execución das obras da primeira fase de conversión



Obras da autovía entre Nadela e Sarria

en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro. As obras que comezaron en novembro do 2020, teñen un prazo de execución de 24 meses e contan cun investimento de case 25 millóns de euros.

Estanse a realizar os traballos de perforado necesarios para as voaduras, que permiten a escavación en rocha,

así como o estendido do material achegado para a execución da ampliación nos terrapléns.

Para converter este tramo en autovía estase a executar unha nova calzada paralela á existente, pola marxe esquerda sentido A Pobra de San Xiao, pasando de 1 calzada con 2 carrís actuais a 2 calzadas con 2 carrís por sentido.

### Os concellos sarriaos superan varios gromos da covid e manteñen baixa a incidencia

Co levantamento o pasado día 9 do toque de queda, Galicia deixou de estar en peche perimetral polo que poderá entrar ou saír da comunidade sen ningún tipo de restrición aínda que Sanidade manterá un rexistro de viaxeiros.

Os peches perimetrais manteranse unicamente nos municipios que superen os 500 casos activos a 14 días e os 250 casos a 7 días, é dicir os que están en alerta máxima. Neste momento non hai ningún lugués nesta situación.

Entre as novas medidas figura a eliminación do toque de queda e a ampliación dos horarios da hostalería: os bares e cafeterías poden abrir ata as 23 horas e os restaurantes ata a 1.00 O que si está limitado son as reunións de non conviventes entre as 1.00 e as 6.00 horas. Tamén ampliouse a actividade exterior nos centros de maiores, así como as visitas, nonde volve a permitirse o contacto físico. Estas novas medidas alivian un pouco todas as restricións dos últimos tempos. A comarca de Sarria, que superou varios gromos, mantén un perfil baixo no número de contaxios con casos en algúns concellos pero con incidencia baixa.

## Tres concellos locen murais en homenaxe ás estrelas do Camiño

Os peregrinos que percorren o Camiño Francés atopan desde agora no seu traxecto a exposición artística máis extensa do mundo. A mostra *As Estrelas do Camiño*, producida por Estrella Galicia, recolle sete murais de grande formato, ao aire libre, nas últimas sete etapas do Camiño Francés, uns 140 quilómetros desde Triacastela ata Santiago. O artista urbano galego Mon Devane retratou en cada un destes sete murais a unha persoa do lugar, como homenaxe a esas persoas que acollen e acompañan ao peregrino durante o seu traxecto e que converten o percorrido nunha experiencia única. Trátase, segundo os promotores, de "xente aberta ao mundo que soubo adaptarse aos tempos pero que mantevo intacto o espírito do Camiño de Santiago".

*As Estrelas do Camiño* encádrase nas últimas etapas do Camiño Francés: Triacastela, Sarria, Portomarín, Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela. Cada unha destas etapas conta cun



Un dos murais do Camiño francés

mural propio e cun fito de pedra, onde os peregrinos poden ampliar a información de cada un dos protagonistas.

Os murais protagonízanos, nas etapas de Triacastela, Sarria e Portomarín, o lutier de Vilei Xermán Arias, que fabrica e arregla instrumentos no seu obradoiro de Sarria; Mario Mato, propietario da casa rural de Santa Mariña en Portomarín; e Xosé Luís Arqueixal, que dirixe unha granxa familiar dedicada ao agroecoturismo.

## Adif inviste nas estacións da comarca



Estación de tren de Sarria

Adif vén de aprobar a licitación das obras de tratamento de plataformas e cruces entre plataformas en catro estacións do tramo Monforte de Lemos-Lugo, da liña convencional León-A Coruña, por un importe de 4.423.130,56 euros. Os traballos forman parte dos proxectos de modernización do tramo Monforte-Lugo e permitirán mellorar a seguridade de circulacións e usuarios. Á súa vez servirán para adaptar os elementos obxecto deste contrato ás novas condicións de explotación que traerá consigo a electrificación a 25 kV do tramo Monforte-Lugo.

O proxecto define as actuacións necesarias en plataformas, pasos inferiores e outras estruturas das

estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa, na provincia de Lugo. O obxectivo é adecuar as estacións aos requirimentos técnicos e de interoperabilidade da normativa en vigor, en especial no relativo aos cruces de vías entre plataformas, mellorando as condicións de explotación da liña e potenciando a competitividade da rede galega. A actuación na estación de Sarria inclúe a execución dunha pasarela peonil sobre vías con dobre función: por unha banda, comunicación entre plataformas e, por outro, permeabilidade entre o núcleo urbano de Sarria e o barrio de O Mazadoiro, contribuíndo á cohesión social, o desenvolvemento sostible e a integración urbana.

## Abre o prazo das axudas dos GDR do Plan Leader

O DOG publicou a convocatoria de subvencións para a execución de proxectos da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, cun orzamento de 13 millóns de euros para as anualidades 2021 e 2022. Trátase das achegas ás que pode optar calquera persoa ou entidade a través dos 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) para desenvolver proxectos que dinamicen as súas contornas. O orzamento está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 2,5% pola Administración xeral do Estado e nun 22,5 % pola Xunta, o crédito está xa previamente distribuído entre os GDR seleccionados no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e pode consultarse no anexo da disposición.

Ademais, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Ru-

ral, Inés Santé, sinalou que se trata dunha nova convocatoria no marco do período de transición establecido pola Unión Europea, que asegura o apoio das axudas ao desenvolvemento rural ata o 31 de decembro de 2022, namentres non comece o novo PDR 2021-2027.

Os interesados teñen de prazo ata o 3 de xuño para presentar as solicitudes, que deberán ser dirixidas ao GDR que corresponda. Así mesmo, deberán presentarse co formulario e coa documentación prevista nas bases reguladoras desta convocatoria. Serán subvencionables proxectos de natureza produtiva que supoñan a realización dunha actividade económica con fins lucrativos e tamén proxectos de natureza non produtiva, consistentes na realización dunha actividade que sexa de interese público ou colectivo.

## O corte da LU-621 a Valdriz durará catro meses polas obras



Imaxe da zona da estrada a Valdriz

As obras na ponte de Valdriz e a construción dunha glorieta na LU-621, en Láncara, seguen a bo ritmo, polo que está previsto comezar co ensanche da ponte a primeiros do mes que vén. Así, estímase que estarán rematados a finais de agosto.

Actualmente, a empresa responsable da obra, Ovisa, está a rematar coas microvoaduras, que ten que controlar con sísmógrafos para non prexudicar á liña eléctrica. Ademais, tamén se tivo que construír un muro escollera na ponte. Todos estes traballos suporán a escavación de máis de 15.000 metros cúbicos ou o emprego de máis de 1.000 toneladas de mestura asfáltica, o que dá unha idea da envergadura desta actuación, que ten un orzamento de 599.845 euros. En canto á ponte, o ensanche levarase a cabo nun treito de 500 metros e precisará da substitución de parte da terra da bóveda

por cemento, así como a instalación de 513 metros cadrados de prelosa, armadura, ferro e formigón para ampliar o ancho dos 6 metros actuais ata os 10.

Así mesmo, sinalouse que esta é precisamente a obra máis complexa de executar dunha actuación global que contempla tamén a creación dunha rotonda que xestionará toda a circulación da LU-621 con Valdriz, o que a longo prazo suporá unha maior seguridade para o tráfico rodado nun cruzamento bastante perigoso.

Tamén co obxectivo de aumentar a seguridade, procederase a unha pequena rectificación do trazado para que a entrada á ponte sexa máis segura. Igualmente, este proxecto prevé a creación dunha senda peonil desde o último tramo de beirarrúas da Pobra de San Xillao ata a nova rotonda de acceso a Valdriz que se vai a construír.

## O Concello licita a construción de beirarrúas na LU-633

O Concello de Láncara inciou as obras de humanización da estrada LU-633, que vai da Pobra de San Xiao a Baralla, por 100.405 euros. Trátase dunha vía de titularidade autonómica e o Concello dispón da autorización correspondente para poder executar a actuación.

Os traballos, que se limitarán ao tramo comprendido entre os puntos quilométricos 10,050 e 10,270, suporán a construción de beirarrúas no vial, co fin de mellorar a seguridade dos peóns. Ademais procederase a instalar novas farolas e a mellorar a rede de pluviais, entre outras cuestións. As obras te-

ñen un prazo de execución de catro meses.

As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o vindeiro día 16. Poden facelo directamente a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta (Silex) da Consellería de Facenda.

**TOIRÁN.** Tamén sacou a licitación a mellora de vias na parroquia de Toirán, nun total de 63.397 euros. Levaranse a cabo traballos de acondicionamento no camiño da igrexa, a pista de Asteiro e a que comunica Cruceiro e Santa Cristina. A actuación desenvolverase con fondos do Plan Único provincial.

## Destinados 25.000 euros a reforzar o tecido económico local

O pleno do Concello de Láncara aprobou unha modificación de crédito de case 150.000 euros, o que supón o 7% do orzamento municipal para este ano. Esta proposta, o único punto da orde do día do pleno, saíu adiante cos votos a favor do equipo de goberno, do PSOE, e a abstención de PP e BNG.

Deste xeito, deses preto de 150.000 euros, a maior partida investírase na mellora de vías municipais entre Fonteabuín e A Chá. A esta actuación, compartida co Concello de Sarria, destinaranse 37.000 euros. Melloraranse tamén os vias de titularidade municipal entre A Chá e A Lama, con 14.520 euros,

e en Mourillón, cun orzamento de 13.800 euros.

Outra partida importante, de 25.000 euros, destinarase á posta en marcha de premios ou axudas ao desenvolvemento da actividade económica no municipio. Segundo explicou o rexedor lançarés, Darío Piñeiro, as actividades están "aínda por definir" pero do que se trata é de "colaborar cos establecementos locais fronte ás dificultades derivadas da covid".

O voceiro socialista na corporación, Pablo Rivera, salientou que, despois das axudas outorgadas polo Concello o pasado mes de maio, esta sería a segunda achega

ao tecido productivo local fronte a covid. "Láncara é un dos concellos de menos de 5.000 habitantes que máis e máis rápido reaccionaron fronte á situación pola covid", dixo. Coa aprobación desta modificación de crédito deuse tamén o visto bo a destinar 18.000 euros á redacción do proxecto da primeira fase do Plan Especial para a construción dunha rotonda no acceso á Pobra de San Xiao, e outros 9.500 euros á celebración dunha Feira da Tenreira, diferente. Aprobouse tamén a adquisición dun vehículo todoterreo e o acondicionamento da estación de bombeo municipal para adaptala ás novas tecnoloxías.

## O Concello repartiu carne de tenreira entre os veciños



Imaxe da feira doutros anos

Láncara non celebrou o pasado 1 de maio, e por segundo ano consecutivo, a súa tradicional Feira Degustación de Tenreira Galega, a que sería a súa vixésimo segunda edición. Ante esta situación, o Concello quixo achegar a feira ás casas dos veciños e veciñas e, para iso, repartiu de xeito gratuito

uns 2.000 quilos de carne.

Con esta medida, explica o alcalde Darío Piñeiro, "ademais de manter vivo o espírito da Feira queremos promocionar e aumentar a demanda dun produto de calidade que está a sufrir numerosas perdas debido a escaseza de demanda por mor da pandemia".

## O PP de Láncara insta a reparar a báscula de camións de Traslite

O PP de Láncara insta ao Concello a reparar a báscula de camións de Traslite, que leva "un ano e medio" sen prestar servizo desde que "a cabina para as moedas foi desvalixada".

A báscula para a pesaxe dos camións está xunto ao cemiterio de Traslite e entrou en funcionamento no verán de 2018, despois dunhas obras financiadas polo Concello e a Deputación. Unha vez instalada, foi preciso levar ata alí a liña eléctrica, o que supuxo outros traballos que se sufragaron con cargo ao plan único do organismo provincial.

Os populares lembran que no seu día se opuxeron á instalación da báscula neste lugar porque "non nos parecía o sitio máis correcto", ao situarse nunha zona sin accesos principais. Ademais, din, a báscula "foi colocada en perpendicular á estrada en lugar de en paralelo". Pero, unha vez posta en marcha, o PP defende que se arranxe para que preste servizo.

## Tráfico asume a competencia sancionadora nas vías urbanas

A xefatura provincial de Tráfico de Lugo vén de asumir a competencia sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria polas infraccións que se rexisten nas vías urbanas do municipio de Láncara. No ano 2018, o pleno do Concello acordara por unanimidade solicitar á xefatura provincial que asumira

as competencias pola "insuficiencia de medios" do Concello para a tramitación eficaz dos expedientes sancionadores. Esas facultades corresponden en principio aos alcaldes. A xefatura de Tráfico asume agora esas competencias, pero faino de xeito temporal mentras persistan as razóns alegadas polo Concello para tal solicitude.

## A CHMS fai a limpeza do río Toldaos

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil realizará un total de 18 actuacións de limpeza en 16 ríos de doce municipios da provincia tal e como subliñou a Federación de Veciños, que asegurou ter o compromiso do ente para actuar en próximas datas.

No Concello de Láncara as tarefas de limpeza terán lugar no leito do río Toldaos de Monseiro a Luseiro.

# “Escribir ‘Eres sombra’ supuxo todo un desafío”

Rocío López Núñez, escritora lancaresa de novela negra

Os amantes da novela negra están de noraboa coa saída ao mercado de ‘Eres sombra’, o último libro da escritora lancaresa Rocío López Núñez. A novela ve a luz despois de catro títulos anteriores, avalados por excelentes críticas, e sen deixar de lado o xénero no que mellor se desenvolve a autora. Repasamos con ela a súa traxectoria.

## En que momento decide embarcarse na escritura?

Foi no ano 2011, cando perdín o traballo ao que lle dedicara os últimos 11 anos da miña vida. Tiña dúas opcións: cruzarme de brazos e caer nunha depresión ou tratar de reciclarme, descansar un pouco e facer algo distinto. Nunca valín moito para estar sen facer nada, polo que fixen varios cursiños de idiomas e cousas para as que antes non tivera tempo, e comecei a escribir unha historia que me axudase, primeiro, a pasar o bache e segundo, a

totalidade a búsqueda e saída ao mercado deste libro, por medio dunha editorial de autoedición. Foi a primeira persoa que confiou en min como escritora. O que veu despois foi toda unha sorpresa.

## Como lembra eses inicios?

Pois principalmente como unha aventura que non ía a ningún sitio. A miña primeira obra foi escrita na intimidade, só dúas persoas o sabemos, entón a principal vantaxe é que careces de presión. Escribir foi para min un salvavidas. Afortunadamente, só pasei uns meses sen traballo, así que despois chegaron os momentos máis duros, porque eu necesitaba escribir, pero xa non tiña tempo. Polo tanto, a nova situación requiriu un esforzo tanto físico como mental moi duro, e fun rematando o libro a base de horas de sono e momentos roubados á parella e á familia. Necesitaba rematar de escribir xa, era unha cuestión de amor propio.

drona de vidas’, ‘Olvídate del cielo’ e ‘Nunca fuimos buenos’. Foi un momento moi duro, impulsado por motivos persoais e polas ganas de arriscar e ampliar horizontes. Afortunadamente, saíume ben pero podía saír moi mal.

Para min é impensable abandonar, cando escoito, leo ou me chaman lectores que viven as miñas historias como se foran parte da súa vida, cando sabes que contan contigo, e que fuches capaz de xerar emocións tan fortes como as que as miñas historias lles provocan. Podes vender máis ou menos, pero un escritor ten a obriga de seguir adiante, por sí mesmo e polos seus lectores, sin os que eu particularmente non son nada. Que un lector che diga que foi capaz de sentir unha cidade, de verse bailando cun protagonista ou mesmo sentir rabia pola morte dunha personaxe...eso fai que sentarse ante un folio en branco, teña sentido para min.

## Que atopará o lector en ‘Eres sombra’?

Algo que non espera en absoluto. Un cambio de historia, de personaxes, de cidade e de formato de escritura. Atopará unha historia tan contundente e arrebatadora que a súa atención quedará secuestrada desde o primeiro capítulo. Nesta novela entrelázanse unha historia de asasinatos e a desaparición dunha nena, co forte empeño da protagonista por investigar contra todo e contra todos, como método para salvarse a sí mesma.

Non segue a liña das miñas anteriores obras, porque chegados a este punto, tiña a necesidade de ofrecer algo novo, aire fresco e saír dunha zona na que xa me sentía segura. Isto supuxo todo un desafío posto que tiven que estudar a psicoloxía dunhas personaxes descoñecidas e dunha cidade tamén nova para mín.

## Onde atopa inspiración?

A serie *Policías de Nueva York* deixou unha pegada moi forte en min cando era pequena, e as novelas de misterio foron desde sempre a miña lectura favorita. Supoño que todos buscamos o que nos aporta unha maior emoción.

## Por qué os Estados Unidos como escenario das súas historias?

Teño adoración polos Estados Unidos, para ben e para mal, coas súas cousas boas e coas malas,



que son moitas. É un lugar onde calquera historia ten cabida. Provoca emocións que non son capaz de explicar.

## Está a comarca de Sarria presente dalgún xeito nas súas obras?

Non na historia, pero sí en quen a escribe. Son lancaresa, e sarriana de adopción, e aí é onde paso case toda a miña vida. Sempre procuro que se sepa que ambos son os meus lugares e gústame nomealos sempre que podo. As miñas obras sempre se estrearon en Sarria.

## Que sente cando xente do sector a compara con Stephen King?

É unha esaxeración. Considero a Stephen King o mellor escritor da historia, un auténtico provocador de emocións. Eu só trato de ser mellor cada día e seguir aprendendo e mellorando. Para min o realmente importante é que os meus lectores me digan que as miñas obras están á altura de moitas novelas das máis vendidas e promocionadas, eso é o máis importante. Un motivo de esforzo máis.

## Consagrada como escritora de novela negra, as súas obras son garantía de éxito... pensa xa nun sexto libro?

Por suposto. O parón pola pandemia retrasou moito a saída deste quinto libro, pero adiantou a seguinte historia. Actualmente está bastante adiantada xa.

## Que lle diría aos escritores que están empezando?

Que non cometan o erro de sacar

un libro ao mercado, sexa o que sexa, sen que estea ben corrixido. Que se apoiem en empresas especializadas que ofrecen un traballo de calidade, porque podes lanzar o teu primeiro libro autopublicado e subilo a unha plataforma de xeito moi barato, ou caer en mans de xente que di que é unha editorial pero que non a é. Corrixir e sacar un libro ben feito costa caros. Ese traballo profesional hai que pagalo. Do contrario, como digo, o primeiro libro sácalo sen problema, pero o segundo xa non cho vai ler ninguén. Conseguir entrar nunha editorial tradicional é moi complicado, pero que non renuncien a escribir por ese motivo. Unha cousa é que nunha edición se escape unha errata ou dúas, outra cousa moi distinta é pensar que vale todo. Todos os escritores necesitamos axuda e moita corrección.

## Está vostede tamén dedicada agora precisamente ao sector da edición, cómo xurdiu esa iniciativa?

Foi un pouco froito da necesidade. Levaba certo tempo facendo ese tipo de traballo para outros, e decidín deixalo por unha serie de motivos. Gracias á axuda de dúas compañeiras, ese traballo estouno facendo agora a pequena escala na miña propia empresa. Principalmente facemos traballos de corrección, maquetación, diseño, asesoría e publicidade para terceiras empresas e escritores independentes, pero tamén temos un selo propio con varios libros publicados.



sentirme ben. Para nada o fixen con intención de publicalo, e digo isto de verdade. Así naceu ‘Nunca volverás a Pikeville’, onde descubrí que escribir era un dos motivos polos que me erguía polas mañás. É indescribible o que se sente cando se escribe. Afortunadamente para min, o meu marido animou e financiou na súa

## Pensou nalgún momento en ‘tirar a toalla’?

Cando tes varios libros á espalda, e lectores que te apoian, esa posibilidade non pode estar no teu pensamento. Sin embargo si pasei por un momento durísimo cando tomei a decisión de abandonar a editorial Angels Fortune Editions, que editara os libros ‘La-



## O Concello mellorará os accesos rurais co Plan Único

O Concello do Incio destinou parte do Plan Único da Deputación deste ano 2021 a mellorar o abastecemento de auga e o acondicionamento de viais do núcleo rural.

Así, do total de 291.113,03 euros, o Concello destinará unha partida de case 52.000 euros a traída de augas de A Cruz do Incio, Saa e Pousafoles, para a súa mellora. Outra cantidade similar usarase para a pavimentación en Saa e Pacios, así como en Goó, Mar-

tín, Calvos, Vilasouto e Viladecias nos que se mellorarán os accesos a estes camiños por un total de preto de 115.000 euros.

Por outra banda, está previsto destinar uns 6.000 euros para eventos como o Rally Terras do Incio ou a promoción turística do Concello; 3.000 euros na compra de equipos informáticos, 25.000 euros para o SAF, 40.116 euros na contratación de persoal, e 10.000 euros para emerxencia sanitaria do coronavirus.

## O CEIP bautiza os espazos do centro cos nomes de mulleres da zona

O CEIP Ricardo Gasset do Incio vén de levar a cabo unha singular iniciativa con motivo da celebración do Día Internacional da Muller: bautizar os espazos do centro con nomes de mulleres de referencia da zona.

Alumnado e profesorado elixiron a varias mulleres, todas nadas no Incio ou con algunha relación estreita co municipio, para dedicar-lles diferentes espazos do colexio, como as aulas, o salón de actos, o pavillón ou a biblioteca.

As mulleres escollidas, e que agora dan nome a localizacións do colexio, foron a cantante Lucía Pérez, a directora teatral Tareixa Campo, a vicerreitora do Campus de Lugo, Montse Valcárcel -as tres nadas no municipio-, a investigadora Susana Rodríguez, a xornalista Julia Otero, a escritora Olga Novo e a atleta Saleta Fernández, que deu nome ao



Unha das placas colocadas no colexio

pavillón deportivo do centro. Ademais de colocar carteis cos seus nomes, os escolares do Incio recibiron información sobre as súas vidas e logros. Desde a dirección do CEIP Ricardo Gasset están a contactar xa coas novas protagonistas do centro "por se queren dirixirse aos nenos e nenas e trasladar-lles algunha mensaxe".



**CORREOS.** A oficina de correos trasládase da rúa Sarria á Casa Consistorial. O horario de atención é de 10.30 a 11.30 horas de luns a venres. A oficina atópase na segunda pranta, á que se pode acceder de xeito directo dende o ascensor ou polas escaleiras.

## A igrexa de Santa Cruz xa foi declarada Ben de Interese Cultural

O DOG recolleu o decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento a igrexa de Santa Cruz.

Deste xeito, queda protexido o edificio do arquitecto madrileño José Luís Fernández del Amo, un dos máis importantes representantes da nova arquitectura española no século XX e tamén se inclúen máis de 40 bens do interior, como os 24 bancos deseñados polo propio arquitecto ou as vidreiras, parte delas obra do artista José Luís Gómez Perales, cun valor artístico excepcional. Igualmente, pasan a integrar o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia outros elementos singulares como dous confesionarios, unha pía bautismal e outra de auga bendita, o altar principal e outro lateral, a talla da Virxe de Santa Cruz do Incio, crucifixos ou viacrucis, entre outros.

Do mesmo xeito, catalóganse o pa-



Fachada da igrexa de Santa Cruz

samáns do coro, realizado con tubos de aceiro de sección cadrada como os das cercas, en que se enroscan 13 táboas de castiñeiro; o lintel da porta da sancristía; as portas- con seccións macizas de madeira, e ferraxes feitos

en forxa, de seccións simples; o armario do baptisterio e o remate da torre. Cómpre destacar que a participación de artesáns locais produciu pezas e solucións construtivas de gran calidade e interese.

## Avanzan no desenvolvemento da aldea modelo de Trascastro



Unha vista da aldea modelo de Trascastro

O alcalde, Héctor Corujo, reuniuse co conselleiro do Medio Rural, José González, para avanzar no desenvolvemento do proxecto de aldea modelo de Trascastro, a primeira que se pon en marcha na provincia e unha das primeiras de Galicia.

Esta iniciativa, centrada na produción de vacún de carne autóctono ecolóxico, está en marcha desde finais do ano pasado. As reses críanse nuns terreos de 14 hectáreas, distribuídas nun total de 178 parcelas pertencentes a 104 propietarios.

Coa posta en marcha das aldeas modelo preténdese recuperar a actividade produtiva en zonas maioritariamente abandonadas, na contorna de núcleos de poboación, á vez que se manteñen limpas como prevención fronte aos lumes forestais. Os

propietarios que aportan as parcelas perciben unha renda e aforran o custo da roza.

Na provincia hai outras dúas aldeas modelo aprobadas, unha é Parada dos Montes na Pobra do Brollón, e a outra Moreda, no Courel.

O conselleiro e o rexedor do Incio avanzaron na seguinte fase de impulso á produción agroforestal deste concello, que se fundamenta na posta en valor e no aproveitamento dos seus soutos tradicionais.

Neste sentido, ao longo de Galicia trabállase noutras zonas, como son a ribeira do Sil tanto na provincia de Lugo como na de Ourense, na contorna do río Loio en Paradela, así como en áreas da montaña luguesa, caso de Folgoso do Courel, onde arrancaron estas intervencións.

## Os veciños reciben 25 composteiros

O Concello vén de facer entrega de 25 composteiros domésticos a familias da localidade que o solicitaran previamente. A acción enmárcase no programa de compostaxe de Sogama, ao que o Concello se adheriu recentemente, e que ten por obxectivo a reciclaxe da materia orgánica en orixe para reducir a carga de residuos sólidos depositados no colector xenérico verde, evitando darlle un tratamento que polas súas características non precisa.

Aproveitando o acto de entrega, persoal técnico impartiu unha sesión informativa sobre o correcto emprego dos composteiros. Cada beneficiario desta iniciativa recibiu ademais un manual de uso en papel.

## A construción dunha liña eléctrica afectará a 14 propiedades

A construción dunha nova liña eléctrica no Incio afectará a catorce propiedades do municipio.

Esta actuación, que será executada por Red Eléctrica de España, conta cun orzamento de 383.45 euros. O seu obxectivo é establecer unha liña aérea de dobre circuito, de case medido quilómetro de lonxitude, que conectará unha rede actual coa subestación de transporte de enerxía denominada O Incio.



## Destinan 15.000 euros a axudas a autónomos e empresas

O Concello conta este ano cunha cantidade dalgo máis de 202.000 euros de fondos procedentes do Plan Único, dos que a metade se destinarán ao plan de obras e servizos.

Neste senso, o Concello destinará 59.000 euros á mellora da pista de comunicación de Santa María do Monte a Vales e preto de 28.000 euros á mellora do acceso ao núcleo rural de San Breixo. Ao programa de Axuda no Fogar destinarase outra partida de 20.000 euros.

A maiores, o programa de fomento do emprego supón un investimento de 71.641 euros, que se destinarán á contratación de tres peóns e un administrativo. Os peóns encarga-

ranse dos traballos relacionados con acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e viais, limpeza e conservación de espazos públicos, así como mantemento e vixilancia de redes de saneamento, alcantarillado, abastecemento de auga e alumeadado público, entre outras.

No apartado de turismo, reserváanse 11.636 euros para a redacción e elaboración de contido audiovisual promocional de Triacastela co que dar un impulso ao sector e atraer novos visitantes. Pola súa banda, o programa administración electrónica e protección de datos absorbe 3.849 euros do Plan.

**AXUDAS.** Entre as novidades deste ano, a creación dun programa de axudas a empresas e autónomos do municipio afectados pola situación que trouxo consigo a covid, que estará dotado con 15.300 euros. En concreto as axudas irán destinadas ao sector turístico, comercial e á hostalería, os máis afectados por mor da pandemia e rexeranse por unhas bases nas que xa traballa o Goberno local.

O Concello de Triacastela comprométese a incluír no orzamento municipal do ano 2021 os fondos necesarios para facer fronte ás achegas municipais indicadas con cargo ao Plan Único.

## Triacastela, segundo concello con Plan Básico de Ordenación

Triacastela é xa o segundo Concello galego de menos de 5.000 habitantes que conta cun Plan Básico de Ordenación Municipal, despois do do Páramo, que conta con esta ferramenta desde decembro.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinou a orde de aprobación inicial do plan co que, destacou, o municipio avanza “un paso importante” para dotarse dun “novo e moderno” marco normativo en materia de urbanismo, co que protexer e conservar os valores e recursos.

O documento delimita 28 núcleos rurais nun ámbito de solo urbano

consolidado e recolle tamén a riqueza patrimonial do municipio. No caso de Triacastela, o inventario dos seus Bens de Interese Cultural están fortemente ligados ao itinerario francés do Camiño de Santiago aínda que tamén destaca o seu patrimonio etnográfico e cultural, como a Cova de Eirós.

Os plans básicos municipais están pensados para aqueles concellos de menos de 5.000 habitantes que non dispoñen de planeamento xeral, como acontece con Triacastela. Esta ferramenta estará vixente ata que xurdan iniciativas ou razóns que aconsellen a formulación dun plan xeral.

## O Concello xa é titular do tramo do Camiño Francés

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a transferencia a prol do Concello de Triacastela dun treito antigo da estrada autonómica LU-633, coincidente coa traza do Camiño Francés.

O Concello solicitara ao departamento de Infraestruturas do Goberno autonómico o cambio de titularidade dese antigo treito en curva da estrada LU-633, no punto quilométrico 28, á saída da capitalidade do municipio, co fin de destinalo a uso público e de recreo.

O tramo mide uns 112 metros de

lonxitude e o ano pasado foi obxecto de traballos de acondicionamento, nos que investiron 45.000 euros. As obras incluíron a reposición do firme da calzada e a instalación dunha barreira de seguridade para protexer a nova zona de lecer con respecto á calzada da estrada. A intervención comprendeu a nivelación do espazo entre ambos viais para a súa humanización con zonas verdes e a colocación de mobiliario urbano. Co cambio de titularidade, o Concello terá xa a competencia para actuar na vía.

## Remataron as obras na ruta á capela de San Mamede

En Triacastela, remataron os traballos que se levaron a cabo para ampliar a ruta de San Mamede e que contaron cun investimento de preto de 13.000 euros. Coas obras rematadas pódese facer un percorrido circular ata a capela de San Mamede.

O roteiro, que tiña actualmente uns 2,5 quilómetros de lonxitude permite facer un percorrido circular na que cada 17 de agosto se celebra a festividade deste santo. A ruta de San Mamede, que se habilitou no ano 2019, discorre pola serra do Oribio e ao longo do seu percorrido atópanse distintas construcións típicas da zona, como antigas alvarizas, que



Imaxe do estado final dos traballos

se empregaban para protexer as colmeas do mal tempo e da depredación dos animais. Os traballos que se executaron,

en zonas de Rede Natura, contaron cunha axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

## A Cova Eirós, “o Fisterra da arte paleolítica”

As pinturas rupestres da Cova Eirós demostran que a arte paleolítica perdura máis alá das áreas tradicionais e ata fai 9.500 anos, segundo un artigo que vén de ser publicado no ‘Journal of Archeological Sciencia: Reports’.

Nesta cavidade atópanse as últimas manifestacións simbólicas das sociedades cazadoras e recolectoras. Segundo a USC, trátase dun “verdadeiro Fisterra da arte paleolítica”, en palabras dos investigadores do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste-Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da USC, autores do novo escrito científico.

O artigo demostra que as manifestacións artísticas de Cova Eirós amplían a distribución xeográfica e a continuidade cronolóxica da arte da



Imaxe da entrada á cova

tradición figurativa paleolítica. Esta nova contribución científica dalle continuidade aos traballos arqueolóxicos que se veñen realizando dende fai anos na Cova Eirós, onde foron descubertas en 2011 as primeiras pinturas rupestres de Galicia, con 9.500 anos de antigüidade.

## Mellorarase a marxe dereita da avenida Camilo José Cela

O Concello de Triacastela vén de formalizar un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que permitirá mellorar varias rúas do municipio. En concreto, os traballos consistirán no acondicionamento e mellora da marxe dereita da avenida Camilo José Cela e o Ramal 1, unha actuación que implica un orzamento de case 50.000 euros. Unha vez asinado este convenio, a Consellería xa pode licitar as obras e o Concello, pola súa banda, ten que comprometerse a poñer a dis-

posición os terreos, libres de cargas e gravames. Outra das obrigas que asume a administración local é conservar as mesmas, unha vez as reciba.

A actuación prevista en Triacastela é un dos proxectos que se leva a cabo ao abeiro do Plan Hurbe, posto en marcha polo Goberno galego en 2010, co obxectivo de apoiar ás entidades locais en accións que contribúan a humanizar e incrementar os seus espazos de uso público, promovendo á vez o reequilibrio territorial.

## Estudan organizar a festa do Peregrino

O Concello está organizando a festa do Peregrino de 2021, que se celebraría o 17 de xullo, por ser o fin de semana anterior ao Día de Santiago; sen embargo, por causa da pandemia aínda non hai nada confirmado. A alcaldesa, Olga Iglesias, está á espera de ver como evoluciona a situación da covid19 para poder planificar dita festa no próximo verán. O evento, que naceu en xullo do 2019, está adicado ao peregrino, polo que moitas das actividades que se realizan son arredor da súa figura. Xunto a elas, tamén se levan a cabo actuacións de música tradicional e talleres de artesanía, entre outras.

## Estudan a recuperación de soutos e viñedos en Loio

O Concello de Paradela solicitou na Xunta apoio para avanzar na recuperación e posta en valor dos seus terreos para potenciar os tres usos do solo: agrario, gandeiro e forestal.

Nun encontro entre ambas as dúas entidades acordaron traballar para poñer en valor o Espazo Natural de Interese Local Loio-Ruxidoira, que conta con 437 hectáreas de extensión, co fin de aproveitar as posibilidades que ofrece, especialmente pola riqueza dos seus soutos. Tamén se exploraron as oportunidades que ofrece o territorio municipal para o cultivo do viño na deno-

minación de orixe Ribeira Sacra, dentro da subzona de Ribeiras do Miño.

Outro dos asuntos tratados foi a posibilidade de poñer en marcha un polígono agroforestal arredor do núcleo de Aldosende, o que permitirá proceder á actualización do catastro e á reorganización da propiedade para destinar os terreos a actividades gandeiras. Estarán tamén a posible inclusión dalgún dos soutos do municipio no rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas. Este trámite permite aos titulares deses terreos ter prioridade nas axudas pública.

## O BNG pide investigar os bens inmatriculados da Igrexa

O BNG paradelés solicita ao goberno municipal que investigue os bens inmatriculados pola Igrexa católica desde o ano 1998 ata o 2015. O Concello conta con 36 bens rexistrados, segundo a última publicación que fixo o Estado, “dos que maioritariamente non se proporciona a súa localización, nin constan os títulos acreditativos que reflicten a certificación da súa propiedade”, din os nacionalistas, polo que instan a verificar a validez da súa titularidade.

A meirande parte dos bens inma-

triculados son de tipo rústico, é dicir, parcelas de uso agrario, pero tamén existen casas e edificacións que, explican, “en moitos casos foron construídos ou comprados con cartos da veciñanza ou son de uso público dende tempos inmemoriais e nada teñen que ver coa actividade do culto relixioso”.

Por todo isto, o BNG solicita ao goberno local de Paradela que “localice eses bens e faga público á veciñanza a súa localización, e que tamén se poña en contacto coas institucións pertinentes”.

## Retómase o proxecto sobre a traxectoria do escritor Manuel Rodríguez López

O proxecto Manuel Rodríguez López, centrado na vida e obra do escritor paradelés, vén de retomarse coa posta en marcha dunha nova web. O proxecto está impulsado pola familia do autor, e conta coa colaboración do Concello, a Deputación, o colectivo Egeria, a Real Academia Galega e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Manuel Rodríguez López é fillo predilecto de Paradela, e dá nome á Casa de Cultura da localidade e a un certame literario.

A web que se vén de estreir supón, segundo os seus promotores, unha “profunda transformación” respecto á plataforma anterior, un cambio encamiñado a adaptala ás

novas tecnoloxías e ás tendencias actuais en deseño web, así como a facela máis accesible.

A través dunha ampla colección de documentos, fotografías, vídeos, audios e recortes de prensa, o portal reflicte a intensa actividade literaria e intelectual de Manuel Rodríguez López. “A nova web do proxecto Manuel Rodríguez López, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, recolle a súa obra completa e a información máis destacable da súa existencia, e segue recibindo a día de hoxe máis de 100 visitas diarias”, aseguran.

O proxecto complementábase con diversas publicacións.

## O Concello apela á limpeza de fincas para previr incendios

O Concello lembra aos propietarios de terreos situados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural a obriga de mantelos nun estado axeitado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do día 31 de maio, atendendo ás distancias establecidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios (Lei 3/2007 do 9 de abril). Neste senso, faise fincapé en que deben estar limpas de maleza as parcelas que se atopen dentro dunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte.

De igual xeito, no interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50



Finca de Paradela sen arranxar

metros desde a liña que delimita urbanísticamente os núcleos, non poderá haber especies pirófilas, como piñeiros, eucaliptos, toxos, mimosas, silvas ou fentos.

O incumprimento destas obrigas, transcorridos os prazos correspondentes, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, cuxas

multas oscilan entre os 1.000 e os 100.000 euros, segundo lembran desde o Concello.

O goberno local de Paradela explica ademais que as faixas secundarias “están delimitadas no Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios” e estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello.

## Renovarán o firme en tres vías que unen a vila con Currelos

A Deputación de Lugo investirá preto de 500.000 euros nas obras de mellora e renovación do firme de tres estradas provinciais que conectan Paradela co núcleo de Currelos, no Saviñao. O presidente provincial asinaba esta mañá o contrato para a execución dos traballos co representante da empresa adjudicatária, que ten un prazo de seis meses para a realización dos traballos. Con este proxecto, a Deputación completa o acondicionamento das conexións entre Paradela e Currelos, despois de actuar de xeito recente no tramo que une Escairón e Currelos.

As obras que se van levar a cabo consistirán no acondicionamento de máis de 12 quilómetros das estradas LU-P-4201, LU-P-4205 e LU-P-5818. No caso da LU-P-4201, que une Pacios con Mosteirovello, arranxarase en tres treitos, que suman un total de case 2,5 quilómetros. O primeiro tramo vai desde o punto quilométrico 0 ata o 1,235, o segundo, desde o 1,405 ao 1,810, e o terceiro, do 3,435 ao 4,200.

Na LU-P-4205, que une os núcleos de Aldosende e Foilebar pasando por Feasita, mellorarase un treito da vía de máis de 3,5 quilómetros, desde o punto quilométrico 2,331 ata o 5,924.



Tomé visitando as obras nunha na estrada que une Paradela con Currelos

A terceira vía que se vai arranxar en Paradela é a LU-P-5818. Os traballos acometeranse desde a intersección coa estrada provincial LU-P-4202 ata o núcleo de Vila. Esta estrada dá servizo a moitos núcleos de poboación, como é o caso de Valmigallo, Vilacaíz, Carballós e O Amedo.

As actuacións inclúen a reapertura de cunetas, aglomerado en quente e sinalización horizontal con pintado da vía mediante marcas viais reflexivas brancas.

Segundo explicaron, os traballos comezarán de inmediato, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan favorables, e o prazo de execución estimado é de 6 meses.

## Desfibriladores a través dun convenio coa Cruz Vermella

O Concello de Paradela ven de firmar un convenio coa Cruz Vermella polo cal recibirá varios desfibriladores semiautomáticos, converténdose desta maneira nun concello cardioprotexido.

Ademais tanto persoal do concello como colectivos sociais asistirán a un curso para o seu manexo. O primeiro deles está dirixido a oito persoas que recibirán, ademais da formación, un diploma.

## Samos aproba un orzamento de preto de 1,2 millóns de euros

O Concello de Samos aprobou o orzamento municipal para este ano, que ronda os 1,2 millóns de euros, o que supón 34.000 euros máis que o ano pasado. O pleno deu luz verde ás contas cos votos a favor do equipo de goberno, do PSOE, a abstención do PP e a oposición do BNG. O concelleiro adscrito non puido asistir á sesión.

Entre os proxectos previstos para a presente anualidade, o goberno local salienta a construción dunha praza ao carón do paseo do mosteiro co fin de dar un maior pulo ao Camiño Francés na localidade. O Concello traballa



Concello de Samos

na memoria do proxecto para remitila á Dirección Xeral de Patrimonio.

Por outra banda, a corporación amosou o respaldo unánime á moción da alcaldía para rexeitar o cambio a turno rotatorio do ciclo superior de sistemas de telecomunicacións do IES Gregorio Fernández.

Menos acordo houbo na moción presentada polo PP solicitando medidas de apoio ao sector da hostalería e o comercio no municipio para paliar as consecuencias da pandemia da covid. O goberno local rexeitou a moción alegando que nestes momentos “non é viable” e que en todo caso se estudará máis adiante en función do remanente de tesourería.

## O alcalde denuncia o “bloqueo” da Xunta aos proxectos municipais

O alcalde de Samos, o socialista Julio Gallego, denuncia o “bloqueo” da Xunta aos proxectos municipais e adianta a intención de que o seu partido leve ao Parlamento galego unha pregunta ao respecto.

O rexedor lembra que no ano 2018 o Concello solicitara o permiso para a construción dun paseo en Renche “para mellorar a mobilidade e a imaxe da aldea”, pero a día de hoxe seguen sen obter resposta algunha. “Parece que literalmente ignoran o rural”, di. O pasado mes de decembro, o Concello solicitaba unha nova autorización,

neste caso para mellorar accesos a núcleos rurais, como o de Formigueiros-Alto do Couso, Aián-A Veiga ou o de Pedra Chantada. A única resposta da Xunta, segundo Gallego, foi confirmar que recibiron a petición e explicar que teñen un prazo de seis meses para resolver, do contrario enténdese desestimada a solicitude.

“Isto é un atranco para o día a día dos pequenos concellos. Neste caso trátase de actuacións en camiños rurais, de titularidade municipal, pero como nalgún punto entroncan coa rede de estradas había que solicitar o per-

miso. Fixémolo, entregamos toda a documentación, e agora dinnos isto. Pasarán os seis meses e seguiremos como estamos. Polo menos, se non contestan nese prazo, o silencio administrativo debería ser a favor do cidadán, entendendo concedida a autorización. Estamos totalmente bloqueados con este mal funcionamento da administración, que parece terceiromundista”, argumenta Julio Gallego.

O alcalde ten a intención de que o PSdeG-PSOE leve ao Parlamento este asunto co fin de pedir explicacións.

### Presentarán dous libros sobre Martín de Pedrozelos

Samos presentará dous libros pequenos de Martín de Pedrozelos, o trobador do século XIII que varios investigadores relacionan coa parroquia de San Xoán de Lúzara en Samos. A pesares de que a edición xa está feita, a presentación dos libros e do trobador será no verán. Así mesmo, tamén se poderá disfrutar da actuación do grupo A Quenlla, que cantará as cantigas do trobador.

O Concello conta con realizar, o segundo domingo de agosto, a feira de turismo, na que contarán con actuacións culturais e con mercadillo, entre outras. Xunto a esta actividade, tamén se realizará o 19 de agosto, a Feira da Ponte de Lúzara.

### Finalizada a restauración de San Martiño de Lousada

Finalizaron as obras de restauración da igrexa de San Martiño de Lousada, tras o investimento de preto de 200.000 euros nos traballos, executados nos últimos seis meses. O proxecto técnico contemplou a mellora da accesibilidade nos espazos exteriores do adro; a renovación da cuberta, conservando a tipoloxía e o material -madeira de castiñeiro e lousa-; así como a restauración do campanario e os sinos.

Tamén se procedeu á consolidación das fábricas, tanto de muros como de arcos, para devolver a correcta funcionalidade estrutural ao inmobile; cambiáronse



San Martiño de Lousada

as instalacións eléctrica e de iluminación e acometéronse as actuacións precisas para mellorar o illamento.

## O Concello vai renovar o alumeado público

O Concello de Samos vén de recibir unha subvención de case 582.000 euros do Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (Idae), dependente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, para a renovación do alumeado de todo o municipio. O coste total da actuación ronda os 730.000 euros. O proxecto contempla a renova-

ción dos 1.238 puntos de luz do concello, que pasarán a ser de tecnoloxía led, así como dun cento de cadros eléctricos co fin de adaptalos á normativa da Comunidade Europea vixente.

Desde o goberno local aseguran que este cambio no alumeado suporá non só “mellorar moito a calidade da luz”, senón tamén un aforro enerxético “do 53%”.

### O Concello adquirirá unha báscula para o punto limpo

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde de Samos, Julio Gallego Moure, veñen de asinar un convenio de colaboración co obxectivo de adquirir unha nova báscula para o punto limpo da localidade, cun investimento de preto de 2.000 euros.

Segundo o rexedor, esta nova peza de equipamento era “moi necesaria” porque “vén suplir unha carencia que existía actualmente no municipio”. A bás-

cula ten capacidade para pesar con precisión residuos entre os 1.000 e os 2.000 quilogramos e resulta imprescindible para poder homologar a instalación, que dá servizo a unha poboación de máis de 1.200 persoas.

Este sistema para pesar é un equipo para o control dos residuos que chegan ao punto limpo de Samos, situado a dous quilómetros do núcleo urbano, en dirección a Lúzara, no lugar de Negrodo.

## Acondicionan a estrada LU-633 en Samos para previr lumes



Estrada LU-633 que une Pedrafita do Cebreiro e Sarria

Os traballos de roza e limpeza de estradas autonómicas que a Xunta está a levar a cabo nas últimas semanas nas catro provincias, chegan estes días á contorna de Samos. En concreto, ao longo desta semana actuarase na estrada LU-633 que une Pedrafita do Cebreiro e Sarria.

As tarefas que se veñen realizando céntranse na retirada de especies pirófilas, aquelas que son máis propensas á propagación do lume, coa fin de previr incendios forestais. Tamén se acometen rozas para completar o traballo ordinario de

conservación das estradas autonómicas e reducir progresivamente o uso de herbicidas.

De igual xeito, realízase o acondicionamento das posibles zonas verdes e das sendas peonís, para que estean en condicións axeitadas.

As intervencións teñen como obxectivos potenciar o efecto cortalumes das estradas, aumentar a seguridade viaria, favorecendo unha maior visibilidade, e fomentar unha mobilidade máis segura e sustentable mediante as sendas e zonas verdes para o tránsito peonil.



Imaxe do proceso das obras no consistorio

## Avanza a rehabilitación do antigo consistorio para facer locais sociais

Avanza a rehabilitación da antiga casa consistorial, ubicada na parroquia da Torre, co fin de convertela en espazo de reunión para os diferentes colectivos do municipio. Os traballos estanos levando a cabo os participantes no obradoiro de emprego Ponte de Areas IV, que o concello comparte con Guntín e O Corgo.

O vello consistorio está pechado desde que as dependencias municipais se trasladaron ao edificio do campo da feira, fai máis dunha década. O ano pasado, o goberno local pedía o obradoiro de emprego para dedicalo a rehabilitar as instalacións e dispoñer duns locais públicos que puidesen ser empregados polos veciños e

veciñas.

Segundo informou o goberno local, o baixo será un espazo diáfano para celebrar todo tipo de eventos e comidas, levando incorporada unha coziña e baños propios. O primeiro andar adicárase a oficinas e locais para reunións.

O obradoiro Ponte de Areas IV que está a executar os traballos na antiga casa consistorial conta con 20 alumnos repartidos entre os tres concellos, que reciben formación teórica e práctica. O obradoiro, que recibiu unha achega de preto de 347.000 euros, botou a andar en decembro de 2020 e terá unha duración de nove meses.

## Reciben maquinaria para a prevención de incendios

O DOG publicou a orde da Consellería do Medio Rural pola que se acorda a cesión en propiedade de tractores, rozadoiras de brazo e trituradoras suspendidas traseiras a varios concellos galegos. Así, cédense un total de 39 pezas de maquinaria a 11 municipios, entre os que se atopa O Páramo.

En concreto, a cada un dos beneficiarios cederáselles un tractor, unha rozadoira e unha trituradora. O obxectivo da cesión é que os tractores, rozadoiras e trituradoras sexan empregados para levar a cabo labores de limpeza e mantemento dos camiños e estradas de titularidade municipal, así como tarefas de xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de ámbito municipal para protexer os núcleos de poboación delimitados nos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, máis aló das actuacións xa contempladas no marco do convenio de protección das aldeas.

## O Concello mellorou o acceso ao núcleo de Gondrame



Imaxe da entrada ao núcleo de Gondrame

O Concello está a executar obras de acondicionamento na vía de acceso ao núcleo de Gondrame. Os traballos contan cun orzamento de 52.000 euros con cargo ao Plan Único de 2020.

A actuación que se está a levar a cabo, e que se prevé rematar nos vindeiros días, suporá a

## Ultiman o proxecto para construír un anfiteatro



Lugar onde se construíría o anfiteatro

O Concello do Páramo segue a traballar no proxecto para a construción dun anfiteatro no pedo do campo da feira, co que pretenden poñer en valor a zona desde un punto de vista xeolóxico e turístico.

A instalación situarase diante do centro de saúde da localidade e a coñecida como 'casa do médico', onde se sitúa a gran rocha, en forma de media lúa, que se aproveitará para crear o anfiteatro. Valéndose do desnivel natural da pedra prevese xerar unha banca de tres alturas. O obxectivo é destinar o novo espazo a actividades culturais e mesmo servir de complemento a actividades infantís.

Con este proxecto, explican des-

de o goberno local, "este saínte xeolóxico con unha antigüidade de máis de 200 millóns de anos pasa a ter unha funcionalidade e unha valoración, o que permitirá preservalo no tempo como o elemento central do municipio".

A contorna do anfiteatro contará con iluminación que realce e potencia as calidades da rocha. Ademais a zona contará con unha pavimentación de pedra e outra zona de formigón, pola que poderá pasar o tráfico rodado de xeito puntual.

O Concello do Páramo conta para este proxecto cunha subvención, de 44.300 euros, do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Miño-Ulloa. O custe total dos traballos é de 63.300 euros.

## A Confederación limpa o Neira ao seu paso polo Páramo

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Estas actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2021, nos que o Goberno de España investirá che máis de 3,9 millóns de euros.

As brigadas destinadas na provincia de Lugo traballaron nos ríos Miño na Pastoriza; Neira ao seu paso polo Corgo e O Páramo; e río Seco en Guntín.

Máis concretamente, no río Neira, cuxo tramo de actuación comprende unha lonxitude total de 1 km, desde augas arriba do Sistema Automático de Información Hidrolóxica – SAIH- ata a desembocadura no río Miño, mellorarase a conectividade lonxitudinal do leito en todo o tramo de actuación; Tamén se retirarán aqueles tapóns illados que se atopan ao longo do mesmo. En todos os tramos, ademais, realízanse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns en infraestruturas de paso; así como na retirada de residuos sólidos urbanos presentes no leito.



Fotografía de arquivo dunha das últimas edicións das Feiras

## Un ano máis sen as Feiras e Festas de Primavera

A Asociación de Amigos do Campo da Feira, do Páramo, decidiu suspender por segundo ano consecutivo a celebración das Feiras e Festas de Primavera, que tería lugar os días 11, 12 e 13 de xuño.

O colectivo, responsable da organización do evento, vén de tomar esta decisión debido á actual situación sanitaria e agardan poder retomar o vindeiro ano o festexo que, de se celebrar este mes de xuño, acadaría

a súa cuadraxésimo cuarta edición. O Concello aprobaba precisamente, na sesión plenaria celebrada a finais de marzo, unha transferencia de crédito por valor de 6.000 euros. Esa cantidade pensaba destinarse como subvención á Asociación Amigos do Campo da Feira para a organización das Feiras e Festas da Primavera pero, dada a actual decisión, os fondos destinaranse ao novo plan municipal de apoio á hostalería.

# DEPUTACIÓN

## O Pleno pide que os concellos xestionen o 15% dos fondos covid

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que os concellos xestionen o 15% dos fondos de axudas para paliar os efectos da Covid-19, logo de que as entidades locais se viran na obriga de asumir competencias impropias durante a pandemia como a desinfección de centros educativos. Así se decidiu na sesión ordinaria do Pleno provincial do mes de abril, que se celebrou este martes, tras a proposta presentada polo grupo socialista.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que “a loita contra a Covid ten suposto para os concellos atender novas necesidades da veciñanza nun contexto de incerteza e dificultade, no que ao devir sanitario foise sumando o impacto socioeconómico da pandemia”. “A Xunta de Galicia non deixou de esixir aos concellos que asumisen competencias impropias tan custosas como a desinfección dos centros de ensino ou

que controlasen medidas excepcionais como o toque de queda ou as limitacións á mobilidade, sen ter en conta as dimensións reais dos cadros de persoal da Policía Local ou Protección Civil”, manifestou a Deputada.

García Porto amosou o apoio do Goberno da Deputación a petición da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para que as entidades locais xestionen unha porcentaxe dos fondos Covid e apuntou que “a Xunta ten uns orzamentos de 11.500M€.

O Pleno provincial aprobou por unanimidade outra moción socialista para reclamar o traspaso ao Sergas dos servizos sanitarios municipais, que asumen, entre as súas funcións, incorporar sanitarios nos seus cadros de persoal e manter centros e infraestruturas destinados a ese fin, como os Servizos de Prevención e Asistencia a Drogodependentes (SPAD). Esta reivindicación

pretende reordenar as competencias e o gasto que se asume para desenvolvelas, facilitando que o conxunto dos servizos sanitarios corresponda ao organismo competente que é a Xunta.

Tamén aprobou a proposta do Goberno provincial para adherirse á Rede de Gobernos Locais pola Biodiversidade, unha sección da FEMP que aglutina pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección da diversidade de especies nos diferentes ecosistemas. A actividade da rede está dirixida ao impulso de políticas de conservación e incremento dos recursos naturais, á mellora do medio hídrico e da conectividade ecolóxica.

Finalmente, sacou adiante unha modificación de crédito para ampliar con remanentes o Orzamento en case 4,2M€. Esa cantidade poderá destinarse á cooperación cos concellos, a entidades sen ánimo de lucro ou ao tecido empresarial.

## Sinalizarán os topónimos e lugares das vías provinciais

A Deputación de Lugo investirá 200.000€ na sinalización de topónimos e elementos de interese turístico e cultural nos 4.200 quilómetros de vías que configuran a rede provincial. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, logo de que a Xunta de Goberno deste venres aprobase o programa que se fará en colaboración cos concellos para a instalación de carteis indicativos nas preto de 9.700 áreas habitadas de toda a provincia.

“Os concellos que queiran colaborar coa Deputación neste programa, deberán elaborar un listado de situacións de sinais por orde de prioridade”, explicou Pablo Rivera. Unha vez recibida a proposta municipal serán os técnicos da Deputación os que calculen os sinais que se poderán asignar cun custe mínimo de 2.000€ por concello. O importe restante do programa distribuirase en función do número de quilómetros de vías provinciais en cada concello. “No caso de que algún concello non colabore, a Deputación poderá sinalizar os elementos que considere necesario ou redistribuír o importe correspondente a ese concello noutros que considere necesario”, aclarou o Deputado.

## Volve o plan Prende! Bota raíces no rural



A Xunta de Goberno local sacou adiante unha nova convocatoria do programa Prende! Bota raíces no rural, que pretende favorecer o emprego de mozos e mozas na provincia. A Deputación tomou esta decisión porque por culpa da situación xerada pola pandemia da covid-19 non se chegaron a cubrir todas as prazas.

Serán dúas liñas de axudas, unha para a contratación de 18 persoas por conta allea e outra para axudar a 2 persoas para crear empresas de economía social, como cooperativas, que estean inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil. No primeiro caso, a Deputación financiará os custos salariais do 50% do Salario Mínimo Interprofesional, no se-

gundo, a administración provincial achegará o 75% do SMI vixente durante 12 meses. “Esta medida permite á mocidade do rural iniciar a súa vida profesional sen necesidade de cambiar a núcleos de poboación máis grandes, incentivando a contratación por conta allea e cuxa actividade se atope entre hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e medio ambiente”, explicou o responsable provincial da Área de Promoción Económica e Social.

As empresas dispoñen agora dun novo prazo ata o 30 de setembro de 2021 para solicitar a contratación de mozos e mozas que se incorporen aos seus cadros de persoal, contando con este financiamento.

## Abre o prazo para pedir os bonos Impulso

Xa está aberto o prazo para que os establecementos da provincia interesados podan adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da provincia.

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases do programa, abríndose un prazo de 15 días hábiles para que se anoten os establecementos interesados en participar. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalería e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. Non existe límite de establecementos, polo que todas as empresas e autónomos do sector poderán participar, tendo en conta que non se poderá canxear lotaría, bebidas alcohólicas non alimentarias nin tabaco.

Na páxina web da Deputación habilitase un espazo específico e visual onde os negocios poderán cumprir un formulario sinxelo para formalizar a adhesión. Así mesmo a institución provincial habilita o teléfono 982.260.204 e o enderezo electrónico bonoimpulso@deputacionlugo.org para calquera dúbida que poida xurdir durante o proceso ou sobre o programa.

Unha vez rematado o proceso de inscrición, a institución provincial publicará a listaxe de establecementos participantes e faralle chegar a cada local admitido un indicativo da súa adhesión no programa. Un cartel que deberá colocar nun lugar visible, facilitando así que a veciñanza saiba en que establecementos poderá canxear os Bonos Impulso.

A Deputación porá a disposición da veciñanza da provincia un total de 17.000 Bonos Impulso.



A primeira actividade foi un curso de iniciación aos cogomelos

## O programa Actívate fará actividades en 18 concellos

Presentouse o programa Actívate, unha iniciativa vencellada ao turismo activo, científico e mindfulness que se celebrará as fins de semana de maio e xuño ao longo de 18 concellos da provincia de Lugo. Este programa nace co obxectivo de dar a coñecer os recunchos de toda a provincia a través de propostas diferentes para realizar en familia, con amigos ou sós. Este novo programa dará prioridade á participación da veciñanza lucense, que poderán realizar actividades como a iniciación aos cogomelos de primavera ou barranquismo, que se celebrou o 1 e 2 de maio, pero tamén actividades de sendeirismo, de montaña, surf ou Tai Chi e ioga. Tamén está previsto que

se realice unha actividade nocturna de observación dos ceos no concello de Muras. Todas serán gratuítas. As persoas interesadas en participar nas dúas primeiras actividades xa poden inscribirse na páxina web <http://inscripciones.deputacionlugo.org/gl/tema/activate>. Para máis información enviar un correo electrónico a [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou poden chamar aos teléfonos 982 260 011 ou 982 260 234. As inscricións ás seguintes actividades abriranse progresivamente todos os martes, con 10 días de antelación, ata completar o calendario. As actividades levaranse a cabo os sábados e domingos dos meses de maio e xuño.

## DEPORTES

# “Saímos menos nos medios que outros deportes, e iso fai que sigamos á sombra en moitos aspectos”

Xirandela, un club con máis de 20 anos de historia que acolle a todos os nenos que queiran gozar da ximnasia rítmica

A ximnasia rítmica é unha das disciplinas máis esixentes no eido deportivo. Na súa orixe só contemplaba a categoría feminina, fomentando a participación de mulleres no deporte. Co paso do tempo, rompéronse estereotipos e instauráronse as categorías masculina e mixta. Hai máis de 20 anos, no 1999, Mónica Fernández funda en Sarria o Club Xirandela para que “as nenas do concello puideran gozar da ximnasia rítmica”, xa que por aquel momento era un deporte feminino, no que non se contemplaba a competición masculina. Falamos con Mónica Fernández, a adestradora do club sarriano, da situación actual da ximnasia rítmica e do traballo desta entidade deportiva.

**Cantas nenas e grupos tedes actualmente? Que idades comprenden?**

Na actualidade contamos con 96 ximnastas, repartidas en 17 equipos de diferentes categorías: iniciación, baby, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, senior e máster. As súas idades van dende os 3 anos ata os 24 anos. Neste momento no club contamos con dous nenos.

**Cal é a procedencia das vosas deportistas?**

Na maioría son nenas e nenos do concello de Sarria, aínda que tamén contamos con ximnastas doutros concellos próximos coma Lánzara, O Páramo, Paradela, Samos, Monforte de Lemos e Lugo.

**Cantas horas adestran as deportistas?**

Dependendo dos niveis nos que estean adestran entre 2 e 3 horas á semana. Ditos horarios, ás veces venise ampliados, sobre todo na época de competicións.

**Cantas adestradoras ten o club, e como definirías a vosa forma de traballar?**

Actualmente somos nove adestradoras repartidas nos diversos niveis e categorías, xa que temos varios equipos na maioría das categorías. Tentamos dar unha ensinanza próxima e o máis individualizada posible, por iso adestramos por equipos de entre 4 e 8 ximnastas. A nosa metodoloxía principal baséase no traballo da técnica,

tanto corporal coma dos aparellos, a expresión corporal, o ritmo e as capacidades físicas básicas, destacando a flexibilidade, que é a máis determinante nesta disciplina deportiva. Nos primeiros anos o traballo é moito máis lúdico xa que é principalmente traballo corporal, para despois engadir a técnica dos aparellos.

**Que obxectivos persegue o club?**

O noso principal obxectivo é que os nosos ximnastas disfruten do noso deporte. Despois perseguimos obxectivos máis xerais, como a mellora das condicións físicas (coordinación, salto, equilibrio, flexibilidade), a mellora da expresión

**“Na actualidade contamos con 96 ximnastas, repartidas en 17 equipos de diferentes categorías”**

corporal e o ritmo e, ademais, o fomento do espírito de superación e a autoestima. Como obxectivos máis específicos, traballar o aprendizaxe e mellora dos elementos propios desta modalidade (saltos, xiros, equilibrios ou ondas) e a mellora da técnica dos diversos aparellos (pelota, aro, corda, mazas e cinta).

**Que peso ten a ximnasia rítmica no deporte feminino?**

Dise que a ximnasia rítmica é o deporte feminino por excelencia, e aínda que na actualidade xa non é só feminino, os homes tamén teñen cabida, naceu sendo un deporte de mulleres.

**Encontrádesvos con máis dificultades por ser un deporte tradicionalmente feminino?**

Hoxe en día non. A valoración da muller en diversos ámbitos, coma por exemplo no deporte, fixo que se esté a recoñecer e a valorar moito.

**E por non ser una disciplina tan recoñecida coma, por exemplo, o fútbol?**

Hoxe en día non opino que a ximnasia rítmica sexa un deporte minoritario, de feito é un dos de-



Arriba, as adestradoras de Xirandela e, abaixo, unha das súas actuacións

portes que máis licencias federativas ten, pero o que si lle ocorre é que non ten a mesma repercusión nos medios que outros, aínda que melloramos moito, e iso fai que sigamos á sombra de moitos outros deportes en moitos aspectos.

**Como está o panorama da ximnasia rítmica nos últimos anos a nivel galego?**

Ano tras ano apréciase unha mellora no traballo de adestradoras e ximnastas galegos, quizais debido á mellora das infraestruturas e ao apoio recibido. Nos campionatos galegos obsérvase un moi alto nivel e nos campionatos nacionais somos unha comunidade máis acadando bos resultados e incluso, ás veces, podios.

**Que apoios recibe o club?**

A prestación das instalacións de-

portivas e axudas puntuais por parte do Concello, así como as subvencións da Secretaría Xeral para o Deporte, axudan a que poidamos seguir transmitindo a nosa paixón por este deporte aos nosos ximnastas.

**Como vos adaptastes e como cambiou a vosa realidade coa pandemia?**

Adaptámonos porque non nos quedou outra opción, pero non é a maneira que máis nos gusta de traballar. É un deporte no que o contacto de adestradora-ximnasta é importantísimo á hora de corrixi-la colocación corporal, de aprender manexos, etc. Isto agora non é posible, traballamos a distancia das nosas ximnastas, que están na súa propia esteira, co seu propio aparello e seguindo as nosas indicacións a 1,5 metros de distancia.

A isto súmase o traballo coa máscara, sen exercicio intenso. Estamos a traballar individualmente, sen poder levar a cabo os nosos

**“Dise que a ximnasia rítmica é o deporte feminino por excelencia, aínda que na actualidade os homes teñen cabida”**

conxuntos. Agardamos que isto vaia a mellor e poder recuperar a nosa rítmica, os nosos equipos e sobre todo, que é o que máis botamos en falta, dar esas apertas aos nosos ximnastas de apoio ou de parabéns polo seu traballo.

## Convocada a IV edición do campus de fútbol sala Hermanos Diz

Tras un parón dun ano a causa da covid19, volta o campus de fútbol sala Hermanos Diz coa súa IV edición. O Campus celebrárase do 4 ao 10 de xullo en Sarria e estará organizado polo Club Os Meigallos FS xunto cos irmáns Antonio e Álex Diz, xogadores do Noia Portus Apostoli FS e do Pescados Rubén Burela FS respectivamente.

No campus realizaranse adestramentos e xogos relacionados co fútbol sala, ademais de outro tipo de actividades alternativas coordinadas polos propios irmáns Diz. Así mesmo, o campus contará con visitas de xogadores e xogadoras profesionais de este deporte cos que os participantes poderán conversar e disfrutar de algunha actividade.

Os integrantes do campus terán a opción de quedarse a dormir nas instalacións, así como de disfrutar do campus durante o día e pasar a noite nas súas casas. Para a primeira opción, o prezo será de 325 euros mentras que para a segunda, o prezo será de 275 euros.

O prazo de inscrición abriase nas próximas semanas e seguirase informando nas redes sociais do propio campus. Para calquera dúbida, pódese contactar con calquera dos dous xogadores.

De feito, as categorías do fútbol base do Meigallos volveron ao xogo no reinicio da competición convocado pola Federación Galega para as ligas autonómicas e provinciais. Así, de xuvenil a prebenxamín, os equipos xa están sumer-



xidos nunha tempada totalmente diferente e con resultados moi bos. De feito, comezan estes días a segunda fase na autonómica.

**INSCRIPCIÓN.** Pode facerse ata o 27 de xuño, na rúa do Peregrino, Nº37-2ºC de Sarria, na tenda de deporte Somos Fútbol ou inscribirse de forma online.

Se a inscrición é de maneira online, hai que cubrir un formulario de inscrición, realizar o ingreso na conta de Caixa Rural indicada no formulario e, finalmente, enviar por correo electrónico o xustificante de pago e os datos sanitarios.

Para calquera dúbida ou para máis información, podedes contactar a través das redes sociais na páxina do propio campus.

## O Concello recibe aos campións de tiro olímpico sarriaos

Os deportistas do Club de Tiro San Xoán de Sarria, Ana López Gallego e Javier Díaz Jara, veñen de ser recibidos polo Concello despois dos éxitos que obtiveron no Campionato de España de xuvenís. Ana López conseguiu a medalla de ouro na modalidade de pistola de aire xuvenil feminino e Javier Díaz fíxose coa prata na mesma modalidade masculina.

O Campionato de España non se puido celebrar nesta ocasión pola pandemia sanitaria, polo que os premios outorgáronse en función da suma das copas da Real Federación de Tiro Olímpico.

Os deportistas galardoados foron recibidos na Casa do Concello polo alcalde de Sarria, Claudio Garrido, e polo concelleiro de deportes, Félix Seijas, quen os felicitaron polos seus éxitos.



Recepción no Concello a Ana López e Javier Díaz

**CLUB SAN XOÁN.** En días posteriores, o Club San Xoán de Sarria conseguiu tres medallas de ouro no campionato galego de tiro na modalidade de aire.

Ana López e Isabel Gonzalo fixéronse con senllas medallas de ouro ao proclamarse campioas

nas categorías junior feminina e senior feminina, respectivamente. Ademais, o equipo feminino formado polas propias Ana López e Isabel Gonzalo xunto a Rosario Martel impúxose tamén por equipos, conseguindo a terceira medalla para o club sarrián.

## A Sarriana SD remata a primeira fase como primeira de grupo

A Sarriana SD remata como primeira clasificada na primeira fase desta tempada tan atípica, a falta de dúas xornadas. Así pois, tras o empate a dous o pasado domingo na Cheda contra o segundo clasificado, a SDC Residencia, o equipo sarriano remata primeiro a seis puntos do segundo neste grupo 1º norte da liga preferente de Galicia. Tras oito partidos disputados, a Sarriana tan só cedeu dous empates; o anteriormente mencionado e o empate da segunda xornada



contra o último clasificado, o Ribadeo FC. Desta forma e a pesar de que aínda quedan dous encontros por xogar, a Sarriana xa ten o primeiro posto asegurado e xa está clasificada para a seguinte fase.

Tamén deu comezo a competición para o conxunto xuvenil dentro das ligas provinciais, o único que optou por competir esta tempada debido á covid, e cunha liga totalmente diferente. Os sarriaos ocupan polo momento a cuarta praza no grupo de Primeira.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**LÁNCARA**  
Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

**PARADELA**  
Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

**SARRIA**  
Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

**SAMOS**  
Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

**O INCIO**  
Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

**TELÉFONOS DE INTERESE**

 Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**  
Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**



**TRICASTELA**  
Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021



# XELA ARIAS

## A POESÍA DO RETRATO

TEXTOS POÉTICOS | XELA ARIAS  
FOTOGRAFÍAS | XULIO GIL

### EXPOSICIÓN EXTERIOR

SARRIA · 30/04 · 20/05  
LUGO · 21/05 · 21/06  
CHANTADA · 22/06 · 08/07  
MONFORTE · 09/07 · 02/08  
VIVEIRO · 03/08 · 26/08  
RIBADEO · 27/08 · 27/09